

aulas libres

revista de pensamento,
información e debate

2^{do} **steg**



aulas libres nº 2

Galiza, maio de 2014.

aulaslibres@stegsindicato.org

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 24 de abril de 2014.



15



24



18



32



20



36

3 **editorial**

4 **desobediencia á lomce**
Comisión Permanente do
Secretariado Nacional do
STEG

6 **pisa**
Comisión Permanente do
Secretariado Nacional do
STEG

8 **desprotección familiar**
Andrés Hernández
Mouriño

12 **historia dunha regresión**
pcpi vs fp básica
Célia Garcia Pena
Yolanda Toledo

15 **rexeitamos a lei do aborto**
Asemblea de Mulleres do
STEG

18 **22M_marcha da dignidade**
Comisión Permanente do
Secretariado Nacional do
STEG

20 **nova escola galega:**
XXX aniversario
Mariló Candedo

22 **finanzas steg**

24 **entrevista con Olalla**
Cociña
Emilio Xosé Ínsua

29 **cultura e lingua**
Emilio Xosé Ínsua

30 **terminator**
Xabier Cordal

31 **ensinar e aprender...**
Lucía Flora López Pérez

32 **para ver, para ouvir,**
para ler
Isabel González Avión
Emilio Xosé Ínsua

36 **experiencias de aula:**
a linguaxe das árbores
Mª José García García

aulas libres
1

aulas
libres 2



No instante da botadura deste segundo número de Aulas Libres, mentres vestimos de festa os colexios e as rúas para celebrarmos arredor da figura do poeta chairego Díaz Castro a xornada grande da nosa Cultura, poñemos rumbo ao final deste curso 2013/2014, que ha pasar á historia educativa como un dos que máis fortes e continuas agresións supuxo por parte dos gobernos autonómico e estatal á escola pública.

A promulgación dunha regresiva, recentralizadora, segregadora e elitista LOMCE. As drásticas reducións orzamentarias aplicadas en practicamente todas e cada unha das partidas que afectan á dotación dos centros escolares públicos. A merma das pagas extras e as reiteradas conxelacións e/ou diminucións dos nosos salarios. Os aumentos nas ratios e nas cargas lectivas, acompañados dunha sistemática redución dos cadros de persoal, dun recorte continuado nos cupos, dunha reposición mínima das vacantes por xubilación e dunha oferta pírrica de prazas nas oposicións. O decreto de comedores escolares, que os converteu nun servizo de pagamento. O inminente desmantelamento dos PCPLs como medida de atención á diversidade. As novas directrices e composición das comisións seleccionadoras para os equipos directivos dos centros públicos, totalmente enchoupadas de xerencialismo empresarial e afán de control absoluto por parte da Administración. A redución

draconiana de bolsas e axudas para o estudantado. A continuidade fraudulenta dos concertos con centros privados segregacionistas por xénero. O despido vingativo do profesorado dos cursos CELGA que reivindicou con toda xustiza os dereitos que a lei e a Inspección de Traballo lles recoñecen. E así máis e máis medidas agresivas contra ese tesouro social que é a escola pública, que algúns queren converter en botín de saqueo. Non é banal dicir que estamos diante dun dos panoramas máis sombríos e negativos dos que haxa lembranza.

Por semellantes mares tebregosos nos fan navegar os actuais detentadores do poder político galego, estatal, europeo e mundial, eufóricos de perpetrar directrices que arrasan coas caixas e aforros públicos e fachendosos de desmantelar, peza a peza, o edificio das conquistas e dereitos sociais que custou decenios e decenios de loita e sacrificio levantar. Fano, cínicos e prepotentes como só eles saben ser, para poderen exhibir con fachenda diante dos amos aos que serven, financeiros e plutocráticos, ese datos macroeconómicos e esas estatísticas de enxeñería financeira que só revelan, se ben se miran, un obsceno incremento das desigualdades, un reparto cada vez máis inxusto da riqueza e un deterioro continuo e humillante nas condicións de vida das maiorías sociais. Na cita coas urnas europeas que se avestiña, cada un/ha de nós debería facer o posíbel por contribuír á mudanza desta situación. E para o comezo do curso 2014/15, unha vez carguemos as pilas co merecido descanso do verán e sexamos quen, dunha vez por todas, de articular de maneira ampla, horizontal e plural, pero sobre todo UNITARIA, unha fronte en defensa do ensino público, poñeremos mans á obra para plantarlle cara, democraticamente, contundentemente, á implantación da impresentábel LOMCE.



4 desobediencia á lomce

Nas sociedades democráticas, a desobediencia civil é unha das principais formas de activismo político e constitúe unha lexítima resposta pacífica da cidadanía contra os abusos. Con ela non se persegue un fin individual, unha especie de dispensa persoal para non acatar a lei (ao estilo da tamén lexítima obxección de conciencia), senón un fin social, comunitario, que se logrará coa substitución da norma obxecto da desobediencia por outra que responda mellor aos intereses xerais, ou sexa, ao ben común. A desobediencia civil tórnase imprescindible cando un goberno democrático emprega a súa maioría verticalmente, eliminando toda voz disidente e se constitúe, desde a legalidade, como un poder impermeable ás demandas e necesidades da poboación, atendendo só os ditados dos seus intereses particulares, aos que todas as persoas quedamos sometidas.

Pois ben, a LOMCE, publicada no BOE o 10 de decembro de 2013, cumpre a maioría dos requisitos para a súa desobediencia:

- É unha lei dun partido político: imposta sen o mínimo consenso democrático.
- É unha lei elitista: non busca o ben común.
- Responde aos intereses de grupos de presión particulares: conferencia episcopal e patronal da concertada.
- É unha lei sexista: apoia con financiamento público idearios ultraconservadores e segregadores.
- É unha lei contraria á diversidade lingüística: potencia, coa falacia da suposta equidade, o castelán fronte ao galego, impedindo así o seu proceso de normalización.
- É unha lei pensada para o mercado laboral: o seu fin non é a formación de persoas iguais, libres, críticas e felices.

A LOMCE aumenta a brecha social do alumnado, empeora as condicións laborais do profesorado, baleira de capacidade de decisión os Consellos Escolares de Centro, mingua a participación democrática da comunidade na toma de decisións, converte as direccións en xerentes de empresa, anula os proxectos educativos dos centros, maltrata as linguas propias, fomenta o adoutramento relixioso na escola segrega o alumnado por sexos e capacidades, incorpora reválidas que desprezan a avaliación do profesorado, etc. En definitiva, non é unha lei xusta e, como dixo Tocqueville, cando un goberno se volve destrutivo é dereito do pobo alteralo... e instituír un novo.

Desde o STEG pensamos que o noso dereito e o noso deber consiste en traballar con todos os instrumentos democráticos á nosa man para subverter pacificamente a que xa é considerada a peor lei educativa da historia recente. Recoñecendo todo o esforzo mobilizador da comunidade educativa previo e o conseguente desgaste xerado, entendemos que mentres non se derroque o monstro pedagóxico da LOMCE temos que continuar a loita, para que a mobilización realizada e todo o reivindicado ate o de agora en defensa do ensino non caia en saco roto.

Trátase de atoparmos espazos de incumprimento que diminúan todo o posible o impacto da aplicación efectiva da LOMCE antes da súa desexada derogación.

Defender a Escola Pública, a participación da comunidade educativa na xestión democrática dos Centros e os dereitos do Profesorado son o norte dun conxunto de medidas concretas de desobediencia á LOMCE que o STEG vai impulsar, en colaboración con moitos outros sectores da comunidade educativa (Consellos Escolares, Claustros, AMPAS, organizacións estudantís, plataformas e mareas cívicas...). Os eixos en que se fundamenta a nosa proposta son os seguintes:

1 Defender a escola pública, dado que a LOMCE é a concreción dunha política que pretende mercantilizar o ensino, potenciando a súa privatización, derivando alumnado cara aos centros privados, regalando chan público a empresas privadas e permitindo que o ensino sexa un negocio.

2 O Consello Escolar do Centro debe seguir exercendo a súa capacidade constitucional de intervir no control e xestión do Centro, non permitindo que o/a director/a sexa un xerente que fai e desfai á súa vontade e que se limite a informar ao máximo órgano de participación da comunidade educativa. Debemos revitalizar o funcionamento democrático dos Consellos Escolares, como forma de potenciar a democracia e autonomía de cada Centro.

3 O mantemento do Claustro de Profesores e Profesoras como órgano que debe conservar a súa capacidade actual de decisión, que debe aprobar a Programación Xeral Anual, nomear os seus representantes no Consello Escolar, recuperar unhas condicións de traballo do Profesorado que permitan impartir un ensino de calidade e negarse á “especialización” do Centro.

4 Os pais e nais e o alumnado deben ser parte activa no funcionamento do Centro e na toma de decisións. Coa súa forza e capacidade de mobilización debe apoiar as decisións democraticamente tomadas no Consello Escolar.

5 Coa LOMCE, a avaliación preténdese transformar nunha fonte de información para establecer rankings, para segregar o alumnado e para converter Centros en guettos, e non para a mellora do proceso educativo. As medidas propostas emprazan a dificultar/obstaculizar por parte dos pais e nais e do alumnado a aplicación das reválidas, xa que o profesorado está obrigado a realízalas pola súa dependencia funcional coa administración que as impón.

[a LOMCE é a concreción dunha política que pretende mercantilizar o ensino]

Todas as medidas concretas de desobediencia recóllense nun **Guía para o funcionamento democrático dun Centro Educativo e para enfrontarse á aplicación da LOMCE** que se pode consultar e descargar no noso web (www.stegsindicato.org).

O **Guía** inclúe unha batería de propostas agrupadas por temas, con 32 medidas concretas a levar a cabo polos diferentes sectores da comunidade educativa. Reprodúcese, en cada caso, o punto correspondente do Artigo Único da LOMCE e indícase cómo modifica o artigo correspondente da LOE. Propóñense medidas concretas de desobediencia, xustifícanse, indícase quen ou quen son os responsábeis da súa aplicación en cada caso e, finalmente, avalíanse as consecuencias legais que para os “desobedientes” podería ter a adopción da medida, sendo subliñable que, nunha inmensa cantidade de casos, as consecuencias son... ningunha.

que lei educativa queremos?

Desde o STEG colaboramos na construción dun movemento de oposición á LOMCE, que contribuíu a crear unha ampla conciencia social de rexeitamento a esta lei e de defensa da escola pública. Agora ben, debemos explicitar as alternativas e as propostas da educación que queremos para que sexan consideradas e tidas en conta para o futuro. Os eixos que describimos a continuación definen, a grandes trazos, a educación que queremos e foron o filtro polo que fixemos pasar tanto a lei como as propostas de desobediencia que colocamos no noso Guía para o funcionamento democrático dun Centro Educativo e para enfrontarse á aplicación da LOMCE.

pública, gratuíta e de calidade

A escola pública ten que ser o eixo vertebrador do sistema educativo, un modelo que una a calidade e a equidade de xeito científico e crítico para comprender e transformar a realidade. Hai que frear os procesos de privatización e hai que ofertar as prazas públicas suficientes en todas as etapas educativas.

Os centros educativos teñen que ter os recursos, as infraestruturas e o persoal necesario, tanto docente como de administración e servizos, para atender as necesidades educativas do alumnado. As ratios téñense que reducir necesariamente e os cadros de persoal téñense que ampliar para conseguir este obxectivo de calidade.

A escola ten que ser gratuíta: servizos complementarios (transporte e comedor), materiais escolares e curriculares e actividades extraescolares.

Os centros e o sistema educativo non poden ser avaliados externamente con criterios e obxectivos de mercantilización e de competitividade. A avaliación ten que ser unha tarefa do profesorado dos centros educativos e orientada á detección e superación das dificultades e problemas suscitados.

O ensino non pode ser un negocio. A escola privada concertada debe ser subsidiaria da pública, sendo responsabilidade dos poderes públicos garantir o dereito de todos e todas á educación.

inclusiva e compensadora de desigualdades

Reivindicamos unha escola inclusiva, que responda á diversidade de todo o alumnado, que respecte e recoñeza as súas diferenzas e as súas singularidades, que ofrezca as oportunidades educativas e as axudas necesarias - curriculares, persoais e materiais - para o progreso académico e persoal do alumnado. Todos os centros educativos teñen que ser inclusivos e teñen que reunir as condicións arquitectónicas e físicas apropiadas.

coeducadora

A escola ofrece unha magnífica oportunidade para educar na igualdade de xénero e na loita contra a violencia machista. Os contidos curriculares terían que tratar esta temática de maneira transversal e específica dentro dos contidos curriculares das áreas. E, evidentemente, os centros non terían que segregar por sexos.

laica

A lexislación educativa debe incluír a laicidade da educación pública e da privada que se financia con fondos públicos.

Calquera doutrina relixiosa ten que quedar fóra do currículo, pois a relixión pertence ao ámbito privado e os centros educativos non deben ser lugar para o proselitismo relixioso. Non deben existir símbolos relixiosos nos centros públicos e nos privados concertados. O currículo ten que ser aberto e equilibrado para unha educación integral que promova a autonomía persoal e os valores socio-afectivos.

potenciadora das linguas propias

Unha lei educativa ten que potenciar as linguas propias nos seus territorios e garantir o uso vehicular e a inmersión lingüística en todo o sistema educativo. Os proxectos plurilingües teñen que contemplar a situación sociolingüística e as linguas minoritarias para as potenciar, non para as marxinar.

democrática

Reclamamos a participación democrática, activa e non xerarquizada de todos os sectores da comunidade educativa na xestión dos centros. Hai que potenciar os Claustros e Consellos escolares, con todas as competencias sobre xestión e goberno dos centros. Non se poden converter en simples órganos consultivos.

Os cargos directivos han de ser elixidos democraticamente e non por comisións de selección onde a comunidade educativa está en minoría.

que mellore as condicións de traballo do profesorado

Sen unhas condicións laborais dignas, o profesorado non pode desenvolver o seu traballo con garantías. Uns horarios adecuados, un número de alumnado que permita o tratamento individualizado, uns espazos e infraestruturas en condicións, a potenciación da cooperación e non da competitividade, unhas retribucións axeitadas, etc., son elementos que motivan á persoa docente e fan posíbel traballar en mellores condicións co alumnado.

pacto pola escola pública

Desde o STEG defendemos e propugnamos un pacto polo ensino público, un “compromiso social pola escola pública” no que se consensúen medidas para mellorar o sistema e no que se superen dous dos graves problemas que o conturban actualmente: a relixión confesional no currículo e os concertos coa privada.

Isto faría posíbel que se potenciase realmente a escola pública, a que vertebra o noso sistema educativo, a que está en todas as vilas e cidades, en todos os barrios e aldeas, á que asiste preto do 67% do alumnado do conxunto do Estado, a que fai que a etapa de escolarización obrigatoria sexa unha etapa de convivencia entre escolares, cos iguais e cos distintos, unha etapa que contribúe con esta convivencia ao mellor desenvolvemento democrático dunha sociedade cada día máis diversa, máis múltiple, máis plural. Un pacto para un ensino público de calidade, equitativo, emancipador, integrador, igualitario e respectuoso coas linguas e culturas propias de cada territorio e coas diferenzas individuais, sociais e de sexo, laico e gratuíto.

PISA

1 Que é o informe PISA?

O Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado, PISA, é un estudo sobre o nivel do alumnado aos 15 anos, independentemente do curso no que se atopen, que promove a OCDE. O informe avalía o rendemento do alumnado en Matemáticas, Lectura e Ciencias cada tres anos, facendo fincapé en cada convocatoria nunha desas materias concretas.

2 Que mide PISA?

As probas do informe PISA non teñen en conta o currículo escolar de cada país, xa que se deseñan non para avaliar contidos, senón aquelas destrezas e coñecementos que se consideran imprescindíbeis para a vida adulta. Este aspecto é fundamental para analizar os resultados, xa que sistemas educativos coma o noso, máis tradicional e academicista que outros sistemas educativos con currículos marcadamente flexíbeis e interdisciplinares, adáptanse peor a estas probas. Resulta cando menos paradoxal que o actual goberno do PP empregue os resultados do informe PISA para xustificar unha reforma coma a aprobada na LOMCE, que afonda nas debilidades do sistema educativo español que o propio informe revela.

3 Matemáticas, lectura e ciencias. Velaí as principais necesidades na vida adulta?

A ninguén pode sorprendere que un organismo coma a OCDE - Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos- non priorice aspectos coma o desenvolvemento persoal e

social de mozas e mozos. O informe PISA busca medir a adecuación da man de obra do futuro ás esixencias do mercado laboral globalizado. Xa que logo, é desde esta óptica que se deseñan as probas, mentres que os obxectivos dun sistema educativo democrático deben ser claramente máis ambiciosos. Deixar nas mans dun organismo coma a OCDE a definición de cales deben ser os obxectivos do noso sistema educativo é renunciar á unha aspiración fulcral en democracia: educar para a liberdade. Sen negarmos a potencialidade do informe PISA para revelar eivas nas materias que avalía, cómpre salientar a ameaza que supón para a educación enviar a mensaxe de que materias coma Historia, Filosofía, Música, Educación Plástica, Educación Física... son materias de segunda, “marías” prescindíbeis polo pouco aproveitábeis que resultan, disque, no mercado laboral.

4 O palmarés

O aspecto máis coñecido, e o máis danoso, do informe PISA é o ranking de países que se elabora a partir dos seus resultados. Non deixa de sorprendernos que un informe que aspira a influír na capacitación nos coñecementos necesarios para comprendermos información científica de complexidade media, sexa obxecto permanente dun emprego nesgado na lectura que se fai do mesmo. Así, vemos sistematicamente como diferenzas en puntuacións directas analízanse sen estandarizalas, convertendo nun abismo o que separa unha nota de 4,9 dunha de 5,2.

A esta crítica (da que a OCDE pode desentenderse alegando que é responsabilidade dos medios de comunicación focalizar toda a atención no ranking) súmase nos últimos anos o cuestionamento ao modelo estatístico no que se sustenta. Para a realización de PISA deséñanse probas distintas para cada país/estado en función das súas especificidades culturais, non habendo un só ítem do informe que sexa igual nos 56 países/estados participantes, o que fai que a

comparación de resultados se basee en complexos modelos matemáticos. Con esta última convocatoria comezan a escoitarse opinións coma a do profesor Svend Kreiner, da Universidade de Copenhague, que denuncian que o modelo matemático empregado na análise dos resultados de PISA estase a utilizar de xeito incorrecto, xa que as preguntas que se formulan nos diferentes países non son de igual dificultade. A conclusión á que chega este matemático é que “as comparacións entre países non teñen sentido”.

5 Quere isto dicir que pisa non serve para nada?

Non debería ser así, aínda que a estas alturas resulta difícil separar as conclusións do informe do emprego que se fai del. A información recollida é, porén, suficientemente ampla como para deitar certa luz sobre aspectos interesantes dos sistemas educativos. Así, ademais das probas que se fan ao alumnado, recóllese información sobre o entorno familiar e as características dos centros de ensino, co fin de identificar os factores que inflúen nos resultados educativos. A decisión sobre qué aspectos salientar do informe é claramente política e revela cales son as prioridades educativas de quen nos goberna. Abonda con contrastar a alarma que crea a escaseza de alumnado con resultados excelentes (niveis 5 e 6), que é dun 8% no Estado español fronte a un 13% no conxunto da OCDE, co 24% de alumnado rezagado (niveis 1 e inferior) por atoparse máis próximo á media global, que é do 23%. Sirva tamén de exemplo o silencio co que se acolle o dato de que o impacto socioeconómico e cultural pasou de estar por debaixo da media da OCDE no ano 2003 a estar por riba no 2012, quere dicir, o sistema educativo español perdeu en equidade, sen mellorar os resultados.

6 Aspira PISA a deseñar as políticas educativas dos países da OCDE?

Ademais dos aspectos máis coñecidos, como a análise dos resultados das probas ao alumnado ou do impacto do contexto socioeconómico nos mesmos, o informe ten unha parte na que máis claramente se percibe o obxectivo de facilitar o camiño para as políticas neoliberais en educación. Así, baseándose só na correlación estatística, afirmanse cousas como que a aplicación de probas externas mellora os resultados, que a publicación dos resultados por centros é unha medida de mellora do sistema educativo, que debe descartarse o investimento como factor directo na mellora da educación... Cargas de profundidade dirixidas ao corazón mesmo da escola pública que nos obrigan a achegarnos a PISA con toda a cautela necesaria para separar o valioso do perigoso.



8 breve guía

para actuar en situacións de (posible) desprotección familiar do alumnado

María é a profesora de 4º de Primaria nun CEIP nunha vila media de Galicia. Hai unhas semanas que rematou un curso de formación sobre maltrato e abuso infantil e dende entón non deixa de darlle voltas á situación de Uxía, unha das súas alumnas. Uxía sempre lle chamou a atención: se ben acudía con frecuencia a clase, tiña faltado durante algúns días, sen que a familia enviase o xustificante ata que llo reclamaban insistentemente por medio da nena; o seu aspecto físico non era moi bo: non é que viñese sucia, pero tardaba moito máis que os demais en cambiar a roupa, ás veces tiña aspecto desaliñado, e outras viña con prendas vellas, moi mal combinadas ou excesivamente grosas ou frescas; os deberes non os facía con moita frecuencia e na clase semellaba moi distraída. Era das nenas con maior retraso académico do grupo. Polo demais, non molestaba nin interfería na marcha da clase, e nunca fora preciso aplicarlle ningunha sanción disciplinaria. María citara á familia de Uxía nunha ocasión, cunha carta entregada por medio da nena, pero non acudiran nin avisaran.

Durante o curso pensou en moitas ocasións na situación de Uxía; cada vez que se falaba das características da infancia que sufría maltrato, as súas consecuencias, os indicadores... víñalle á cabeza. Non sabía que facer, e mesmo dubidaba se debía ou non facer algo. Non estaría esaxerando? Non se estaba implicando demasiado? **A fin de contas, o que lle pasaba á nena non era nada demasiado grave, pero visto en conxunto...**

Hoxe, coincidindo cunha reunión co profesorado e orientadora, vai comentar a situación e pedir opinións. Ao describir o caso, prodúcese reaccións diversas:

- Un profesor, Pepe, se ben non cuestiona a información facilitada por María, non ve nela nada alarmante, e opina que “non nos podemos ocupar dese tipo de situacións, a escola non está para iso”. Ademais, pensa que ao non molestar na clase e non orixinar problemas disciplinarios, non hai que facer nada.

- Outra, Carme, di que está en parte de acordo con Pepe, pero cre que o retraso académico si lles compete, e que deberían mandala á orientadora para que a mirase.

- (Pepe non di nada, pero non ten demasiada confianza na figura da orientadora; pensa que as súas funcións xa están cubertas polo profesorado, e que ás veces non só non axuda, senón que provoca máis traballo, e un papelame inútil que non serve para nada).

- Luísa, unha das veteranas, comparte a preocupación de María, se ben pensa que o primeiro que habería



que facer sería falar coa familia e coñecela con maior profundidade. Tamén cre que habería que prestarlle máis atención a Uxía, buscar momentos para falar con ela... pero sen chamar demasiado a súa atención, para non poñela nerviosa.

- Gonzalo, outro dos veteranos, está moi pensativo. El tamén fixo o curso sobre maltrato e abuso infantil, e comenta que os datos son preocupantes, e que deberían abrir unha investigación, dentro do colexio.

- Sara, que tamén dá algunha clase a Uxía, e que tamén asistiu ao curso, está moi alarmada. Pensa que non hai dúbida, que os indicadores son claros e mostran unha situación de maltrato, e que deben denuncialo inmediatamente ao Servizo de Menores.

- Pepe volve falar, opoñéndose: unha denuncia, non. “E se todo é falso e a familia nos demanda a nós?”.

- Sara replícalle: non está preocupada polo que poida facer a familia; en todo caso, é moi escéptica con respecto a que o Servizo de Menores faga algo, pois nunha ocasión anterior na que o chamaran, todo quedara en nada.

- Xoana, a orientadora, dubida. Non a convence plenamente ningunha das posturas, pero tampouco ten clara a súa. Cre que é cedo para denunciar, pero si que se debe facer algo. Quedan en pensalo e volver falalo nunha nova reunión na semana seguinte. Pepe protesta, e di que está canso de reunións que non serven de nada, non pensa vir. Os demais, porén, confirman que si”. (Hernández, A., 2010).

A “Historia de Uxía” é un exemplo - un pouco caricaturizado - dunha situación máis ou menos habitual na maior parte das escolas: calquera profesional da educación tense visto, ou cando menos ten oído, nalgunha semellante.

A sociedade demanda da escola moitas cousas; moitas máis das que pode dar, e máis tendo en conta a cantidade de recursos que aquela está disposta a transferirlle a esta para que poida facer todas esas cousas. Esta evidencia non impide, porén, que sexa preciso dar unha resposta eficaz, e moitas veces urxente, a estas realidades.

O propósito deste artigo é facilitar algunhas ideas e criterios para enfrontarnos a estas situacións, fundamentalmente no seu momento inicial: a detección da mesma e a súa valoración, para poder tomar a decisión máis axeitada.

Que facer diante de situacións coma as de Uxía?

A situación de Uxía preocupa á maior parte do profesorado. Isto é o principal elemento que diferenza esa situación da do resto do alumnado: percíbense cousas (chamadas indicadores) no seu aspecto físico, na súa conduta, na súa actitude, na da súa familia ... que espertan e alimentan a preocupación sentida. E, sobre todo, poñen enriba da mesa a pregunta sobre o seu **nivel de protección**: é Uxía vítima dalgún tipo de maltrato ou negligencia?

O proceso no que se cae na conta desta serie de indicadores e no que se poden describir adoita ser nomeado **Detección**. Este proceso non precisa de ningún tipo de coñecemento técnico ou legal en especial, pois todo o mundo ten claros certos parámetros, socialmente consensuados, do que son as situacións de maltrato ou negligencia. E eses parámetros propios son os que fan acender as alarmas de cadaquén.

A lexislación é moi clara sobre o que hai que facer diante desta situacións: comunicalas ás autoridades competentes. O artigo 13.1. da Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor di textualmente: “*Todas as persoas ou autoridades,*

e especialmente aqueles que pola súa profesión ou función detecten unha situación de risco ou posible desamparo dun neno, nena ou adolescente, teñen a obriga de comunicarllo á autoridade ou aos seus axentes máis próximos, sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise”. A lei non é - nin pode ser- precisa dabondo á hora de definir e identificar dun xeito claro todas as situacións que poden considerarse “de risco” ou “de desamparo”; así e todo, aos efectos deste artigo abundaría con entender que situacións **de desamparo** son aquelas nas que o neno ou nena está tan mal atendido no seo da súa familia que precisa dunha intervención inmediata para frear esa atención inadecuada; de risco serían as situacións máis intermedias, que fan precisa unha intervención para a súa mellora, aínda que quizais non co nivel de urxencia e profundidade das outras.

Xa que logo, tras a detección, e previa á notificación ás autoridades, imos levar a cabo outro proceso, máis ou menos formal e explícito, chamado **Valoración**.

Valoración das situacións de protección dos nenos e nenas:

Valorar unha situación de protección implica un paso a maiores da descrición da mesma que se dá tras a detección: engade un xuízo de valor sobre a adecuación ou non do trato que dispensa a familia dese neno ou nena. E todo iso, en moitas ocasións, con moi pouca información, que frecuentemente se centra nos **efectos** (ou presuntos efectos) dese trato no neno ou nena - aspecto físico, conduta, relacións...-.

Facer este xuízo de valor e afrontar as consecuencias do mesmo é o medo máis común que se pode atopar nos e nas profesionais do ensino. Convén, xa que logo, facer unha precisión: estamos a falar dunha valoración cunha única finalidade, que é a de chamar a atención nos servizos competentes, para que procedan a facer unha máis completa e acaída.

Dentro da preocupación común sobre o benestar de cada neno ou nena, a escola non é quen de tomar as medidas que poidan garantir a súa protección, ou de realizar as intervencións precisas para a resolución da maior parte das problemáticas familiares. Así, esta valoración, frecuentemente, terá un carácter provisorio e instrumental.

Aínda así, é preciso dispoñer de ferramentas técnicas que permitan levala a cabo. Entre outras, farei mención a tres: as *Follas de notificación de risco e maltrato infantil desde o ámbito educativo*, do RUMI (Rexistro Unificado de Maltrato Infantil) da Xunta de Galicia; a *Escala do Semáforo*, da Fundación Meniños; e unha *Árbore de criterios* para a valoración de situacións de protección.

Follas de notificación de risco e maltrato infantil dende o ámbito educativo:

Podemos consideralas como o modelo máis “oficial”, pois está elaborado polo organismo que ten as competencias en materia de protección á infancia, e está integrado na rede de servizos propios. Pode descargarse en formato PDF na Web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://benestar.xunta.es/web/portal/notificacion-de-risco-e-maltrato>.

Ademais dunha parte explicativa, ofrece unha ferramenta fundamental, a folia de notificación: consta dunha listaxe de indicadores organizados en modalidades ou tipoloxías de maltrato: físico, negligencia, emocional, abuso sexual e violencia entre iguais. Previamente, conta cun apartado no que se pode diferenciar entre “sospeita” e “maltrato”, sendo esta última a categoría na que é evidente e innegable a existencia do mesmo. A cada indicador pode corresponderlle unha dobre clasificación: A primeira, en canto á frecuencia do mesmo (indicando se é ocasional

ou frecuente); a segunda, en canto á intensidade (leve, moderado ou grave).

Conta tamén cunha serie de indicacións para facilitar o seu cumprimento.

Poderíamos argumentar que se trata dun instrumento útil para a detección e a notificación, non tanto para a valoración, pois non inclúe os criterios precisos para poder “traducir” eses indicadores a unha categoría concreta: en que momento a existencia dese/s indicador/es supón a súa definición como maltrato? Porén, esta é unha cuestión secundaria para o ámbito educativo, xa que non é preciso dar unha resposta acaída e definitiva: máis ben, o imprescindible é dar conta da situación da maneira máis precisa e rápida posible; e o nivel de valoración que nos proporciona cubrir estas follas abonda para que as persoas que deban facer unha investigación máis precisa da situación poidan iniciar a súa actuación.

Escala do semáforo:

É un sinxelo instrumento útil para a valoración destas situacións, que está descrito na publicación *Cando o semáforo está en ámbar. A escola, axente na promoción do bo trato á infancia*, de A. Hernández (2010), editada pola Fundación Meniños. Pode consultarse e/ou descargarse, en formato PDF, no seguinte enderezo electrónico: http://www.meninos.org/mundodemilu/p_semaforo_servizos_gal.htm

Consiste nunha escala numérica de 1 a 9 puntos, que se corresponden con tres niveis de protección, simbolicamente representados por un semáforo: Vermello (1 a 3), corresponderíase cunha situación asimilada ao desamparo; ámbar (4 a 6), a unha situación de risco; e verde (7 a 9), a unha situación protectora.

A súa utilización sería a seguinte: Cada persoa que participe na avaliación mirará a situación de xeito global e puntuará de 1 a 9 o que considere (intuitivamente) o seu nivel de protección; a continuación (e non antes), describirá aqueles indicadores que xustifiquen a puntuación; no caso de coincidencia na cor, xa teríamos unha valoración inicial suficiente para a toma de decisións. No caso de non ser así, as puntuacións máis extremas exporían os seus argumentos, e procederíase a unha nova puntuación e posta en común.

A utilidade desta escala é obvia: trátase dun instrumento que combina a facilidade na súa utilización, a axilidade e a rigorosidade. Pode complementarse coa anterior ferramenta na parte da xustificación.

Árbore de criterios para a toma de decisións:

Entramos xa nos dous últimos procesos a ter en conta: a **Toma de decisións**, da que imos falar agora, e a **Notificación**, á que xa fixemos referencia con anterioridade.

A toma de decisións trata de dar resposta a unha cuestión moi básica: que facemos despois de valorar unha situación sobre a que tiñamos dúbidas acerca do seu nivel de protección?

A grandes trazos, a resposta é sinxela: Debemos notificar as situacións de desamparo e de risco (ou “vermello” – “ámbar”), se ben nestas últimas podemos ver tamén en que medida podemos favorecer unha intervención para a súa mellora; e debemos normalizar as outras (“verdes”).

Complementando o anterior instrumento (a *Escala do semáforo*), ofrecemos outro máis, unha árbore de criterios que facilita esta toma de decisións, así como a posterior e posible notificación. Está dispoñible na publicación *Cando o semáforo está en ámbar*, xa citada e elaborámola en base aos traballos de Sánchez Redondo.

Trátase de analizar, en primeiro lugar, o **dano potencial**, é dicir aqueles aspectos da súa situación familiar e persoal que determinan a consideración dun posible maltrato ou risco. Para describir e valorar o dano potencial, contamos con tres subcriterios: a existencia de **condicións perigosas** na familia; a **vulnerabilidade** do/a menor (en relación á súa idade e capacidade); e a existencia ou non de **factores de control** deste posible dano (como pode ser outro familiar, veciñanza, servizos...).

Se a resposta á existencia de dano potencial é que NON existe, asimilamos á situación a un “verde”, e a decisión a tomar é a de normalizar: facer o que fariamos con calquera outra situación na que non teñamos en conta a dúbida da posible desprotección.

Se a resposta é que SI existe, debemos pasar a valorar o segundo dos criterios: a **cooperación familiar**. Para iso, utilizamos outros tres subcriterios: a **dispoñibilidade e capacidade** da familia para levar a cabo as medidas que eliminen ou reduzan o dano potencial; o seu **desexo de resolver o problema** que define esa situación; e a existencia dun **proxecto de traballo conxunto** co/a profesional ou servizo que poida apoiala nese proceso.

Se a resposta á existencia da cooperación familiar é que NON a hai, sen dúbida hai que tomar as medidas que garantan a protección inmediata dese neno ou nena: para iso, dende a escola, o máis eficaz é **notificar** a situación aos servizos competentes.

Porén, se a resposta é que SI, a notificación tamén é precisa, pero pode combinarse coa posta en marcha de actuacións que favorezan a redución do dano potencial (sempre e cando exista a posibilidade de facelas, ligada sempre á existencia de profesionais capacitadas/os para levala a cabo, con tempo e recursos para iso), en colaboración cos servizos máis próximos (habitualmente, servizos sociais municipais).

Por último, notificar:

Nunha orde lóxica, o proceso remataría na notificación: o envío da información, preferentemente por escrito, ás autoridades competentes. Nas publicacións mencionadas aparece unha descrición dos servizos máis pertinentes aos que acudir. O lóxico é utilizar os máis próximos: Departamento de Orientación, Equipos de Orientación Específica, Servizos Sociais Municipais. Tamén pode ser preciso, en función da urxencia e/ou gravidade, facelo

directamente aos Servizos de Menores (a través, por exemplo, do teléfono da Infancia, 11.61.11), ou ás unidades da garda civil ou da policía especializadas en menores.

A notificación debe seguir uns criterios lóxicos: claridade, rigorosidade, axilidade... Pero o máis importante é facela: de ser preciso, as persoas ás que notifiquemos poderán pedirmos as aclaracións pertinentes. E coa notificación, poderase iniciar un proceso de protección que, doutro xeito, non se faría.

Concluindo:

Así pois, diante dunha situación que nos cree a dúbida sobre o nivel de protección dun neno ou nena, os pasos máis acaídos serían a detección, a valoración, a toma de decisións e a notificación. Os instrumentos e información facilitados, así como o material de referencia mencionado, pretenden ser un apoio para poder levar a cabo esta tarefa coa maior eficacia posible. Hai outros, sen dúbida, quizais tan útiles ou máis ca estes. O importante, porén, é facelo, e facelo ben.



12 historia dunha regresión coa aplicación da nova f.p. básica

Coa aplicación da LOMCE estamos asistindo ao desmantelamento progresivo do **ensino público**, renunciando na práctica a principios como o da **equidade** e a **compensación das desigualdades de orixe**.

Segundo o calendario previsto polo Ministerio, no vindeiro curso escolar 2014/15 entraría en vigor o 1º curso da FP Básica.

Os novos Ciclos desta FP Básica veñen substituír aos PCPI, que se concebían como unha **medida de atención á diversidade do alumnado** e que ofrecían, grazas á súa propia estrutura, unha grande versatilidade e capacidade para adaptarse ás diferentes necesidades do alumnado e á diferente organización dos centros educativos, a través dunha oferta constituída en diversos **reximes** (Ordinario e Integrado) e **modalidades** (A, B, C, C-Mixta, ademais de PCPI para Alumnado con Necesidades Educativas Especiais), cun global de 39 perfís profesionais.

O apresurado do cambio e a desinformación na que se encontran centros, alumnado e profesorado son factores que están a producir grande inquedanza, xa que os cambios van ser bastante significativos e van ter enormes repercusións:

consecuencias para o alumnado:

- O alumnado verá reducida a posibilidade de elixir perfís profesionais que verdadeiramente se adapten aos seus intereses, xa que a oferta coa FP Básica redúcese no actual R.D. 127/2014 de 28 de febreiro a 14 Títulos profesionais.

- O alumnado que sexa orientado cara a este itinerario terá que cursar o 1º e 2º curso con carácter **obligatorio**, fronte á voluntariedade que supoñía para o alumnado maior de 16 anos cursar o 2º ano de PCPI.

- O alumnado que desexa obter o Título de Graduado en ESO terá que superar a **reválida**, cando co PCPI, superando os Módulos de 2º curso do 2º cuatrimestre, xa obtiña ese Título.

- O alumnado que inicie a FP Básica o vindeiro curso 14/15 e o remate no 15/16 e desexa presentarse á Reválida para obter o Título de Graduado en ESO, verase sorprendido polo **impedimento** para poder presentarse, xa que a reválida con efectos académicos comeza no curso 17/18. Atoparase, pois, cun **ano en branco**.

- O alumnado que supere o 2º curso de FP Básica e desexa cursar un Ciclo Medio de FP nunha determinada Familia Profesional, poderá atoparse coa sorpresa de que, se a demanda de prazas para ese Ciclo concreto é maior que a oferta que fai o centro, teña que superar unha **proba de admisión**, e facelo en competición, ademais, co alumnado que xa ten o Título de Graduado en ESO pola opción de Ciencias Aplicadas.

consecuencias na organización curricular:

- A FP Básica ofrece unha estrutura máis ríxida e estandarizada e cun enfoque máis disciplinar: Bloque de Comunicación e Sociedade (I e II), Bloque de Ciencias Aplicadas (I e II) e módulo de FCT (Formación en Centros de Trabajo).

- Desaparecen os módulos de Sociedade e Cidadanía e o módulo de Iniciativa Persoal e Relacións Laborais que se ofertaban no PCPI. Deste xeito, a Educación en Valores e outros contidos como o de Prevención de Riscos Laborais ou Dereitos e Deberes das Traballadoras e Traballadores quedarán reducidos no mellor dos casos a meros contidos transversais, ou simplemente desaparecerán do currículo da FP Básica.

- Incrementase a ratio do grupo-clase ata 30 alumnos/as, fronte aos 15 alumnos/as do PCPI., o que traerá como consecuencia un deterioro da calidade e da atención personalizada no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

- No R.D da FP Básica non se concretan medidas de **adaptación** para o alumnado con necesidades educativas especiais, cando os PCPI ofrecían claramente a posibilidade de **fragmentación** dos Módulos para este tipo de alumnado.

consecuencias para o profesorado:

- O cadro de persoal do profesorado vaise ver afectado, xa que a FP Básica só poderán impartila profesorado de ensino secundario, profesorado técnico de FP, catedráticas/os e especialistas.

- ¿Que sucederá entón coas mestras e mestres que durante o curso 2013/14 viñan impartindo os

Sísifo

R
ER
ERRE
ERREQ
ERREQU
ERREQUE
ERREQUEE
ERREQUEER
ERREQUEERR
ERREQUEERRE

poema visual de Lois G. Magariños

módulos formativos de carácter xeral de 1º ano de PCPI? ¿Poderán impartir os novos módulos profesionais de Comunicación e Sociedade I e Ciencias Aplicadas I da nova FP Básica?:

o As mestras e mestres con **praza asignada** mediante oposición ou concurso, poderán seguir impartindo ditos módulos ata o momento en que se produza o seu cese ou perdan a condición de empregada/o público.

o As mestras e mestres **sen praza asignada**, poderán impartir ditos módulos profesionais durante catro anos consecutivos a partir do curso 2014/15.

o As mestras e mestres **con contrato en vigor de carácter indefinido ou temporal**, poderán impartir ditos módulos só ata o momento no que se extinga o seu contrato.

• Desaparece do cadro de persoal da FP Básica o profesorado de FOL, que impartía o Módulo de Iniciativa Persoal e Relacións Laborais, ao quedar os contidos deste Módulo reducidos a un mero contido transversal.

consecuencias para o centro:

• Os Ciclos de FP Básica **non** se poderán ofertar en todos os centros educativos. Parece ser que a tendencia será a concentrar a súa oferta nos CIFP situados nas grandes vilas e capitais de provincia. Obviaránse así circunstancias derivadas da propia dispersión territorial de Galiza e isto terá graves consecuencias para o alumnado, que verá dificultada, en moitos casos, a posibilidade de poder cursalos.

• Os centros educativos que ata o de agora ofrecían PCPI na Modalidade C-Mixta xa **non** poderán ofertala, porque esta modalidade **desaparece**. Era precisamente esta Modalidade a que estaba máis espallada por todo o territorio galego, permitindo dar resposta ao alumnado en risco de exclusión social.

• Os centros educativos que ofertan Ciclos Formativos de FP dunha determinada Familia Profesional só poderán ofertar Título de FP Básica da mesma Familia Profesional. Isto pon novamente en evidencia a **rixidez** do novo sistema de FP Básica, xa que ao limitar a oferta de perfís profesionais, tamén se limita a posibilidade de adaptarse á diversidade do alumnado.

Pero cales son, daquela, as **vantaxes** da nova FP Básica para a **Administración**?

Os Títulos de FP Básica teñen a consideración de CINE 3 (Clasificación Internacional Normalizada de Educación) e computarán nas cifras oficiais como alumnado que ten rematado un ciclo ou Etapa educativa, cando na realidade **carecen do Título de Graduado en ESO**. Isto claramente terá consecuencias nos datos estatísticos, pois aparecerán como **alumnado con titulación**, maquillando deste xeito as cifras de fracaso escolar.

Dende o poder preténdese presentar esta situación como irreversible, pero fronte a todo este disparate, todas e todos nós, traballadoras e traballadores do ensino público, temos unha forte ferramenta nas nosas mans: a nosa propia práctica educativa a prol dunha escola inclusiva e, facendo nosas aquelas palabras da mestra republicana **María Sánchez Arbós**, o noso esforzo por sermos quen de *“poñer alma á educación”*.

a consellería condena á exclusión a máis de 2000 alumnas e alumnos

fp básica vs pcpi

outra volta de porca no desmantelamento do ensino público

Neste curso 2013-2014 estanse impartindo na Galiza un total de 300 PCPIs, con implantación en case todos os IES (agás nalgúns cidades), o que significa que teñen unha presenza e distribución xeográfica moi ampla. Os PCPI concebíronse como unha medida de atención á diversidade, ofrecendo, grazas á súa estrutura, unha grande versatilidade e capacidade para adaptárense ás diferentes necesidades do alumnado e á diferente organización dos centros educativos.

PCPI en cifras

Modalidade	Galiza	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Alumnado
A, en IES, CEE e CPR	146	45	19	20	61	2190
C mixta	130	56	24	11	39	1950
B, nos CIFP	25	14	4	3	4	325
Total	301	115	47	34	104	4515

Cos dados da táboa precedente á vista, é doado tirar algunhas conclusións sobre a implantación actual das distintas modalidades dos PCPIs:

1 A modalidade A é a maioritaria nos centros nos que ademais de ESO e Bacharelato se ofertan tamén Ciclos Formativos.

2 A modalidade B, impartida nos Centros Integrados de FP, é case **residual**: nalgún destes centros nen tan sequera se ofertaron os PCPIs das familias profesionais das que imparten Ciclos Formativos.

3 A modalidade C-mixta é a máis espallada xeograficamente. O potencial alumnado desta modalidade vai ser o máis perxudicado: a súa alternativa é a nova FPBásica Dual e, atendendo ao tecido empresarial galego, vai ser moi difícil a sinatura de convenios Educación-empresas. A algúns IES xa os informaron que ían ficar sen esta opción, sen lles ofrecer outra alternativa.

Para o vindeiro curso 2014-15 desaparecen os PCPIs porque se vai implantar a nova FP Básica. A menos de seis meses de que comece o novo curso, a comunidade educativa estamos no **desconcerto** total. Na Consellería aínda non saben como facer. Nos centros non saben que vai vai pasar co alumnado. As familias contan que a FPBásica cubra a oferta dos PCPI, mais isto é ben difícil.

En Galiza ofertábanse **39 perfís de PCPI**, contra os **14 Títulos Profesionais Básicos** aprobados até o de agora. Isto significa que van quedar familias profesionais sen oferta de ningún título da nova FPBásica.

Onde se vai implantar entón a FPBásica? O que parece certo é que vai ser nos CIFP, claro está (só 14 en toda Galiza), nos IES nos que haxa Ciclo Formativo da mesma familia e naqueloutros centros nos que xa están impartindo PCPI factíbeis de convertelos en FPBásica Dual. Aos centros educativos de localidades afastadas das cidades ou das vilas máis grandes (centros como os de Vimianzo, Trives, As Neves ou A Fonsagrada, por poñermos algúns exemplos), ¿váiselles retirar a única oferta coa que contaban para que o alumnado en risco de exclusión non fiquen abandonado? Todo apunta a que si... De ser así, é esta outra etapa do afogamento da Galiza non urbana?

A Consellería di que a nova FPBásica vai asumir o 90% do alumnado potencial dos PCPIs. Como chegan a esta cifra? Ninguén é capaz de imaxinalo. Ou é que alguén acredita que se van ofertar **4515** prazas de FPBásica? Se nen tan sequera saben onde se vai implantar!

De mantérense estes criterios - desaparición dos PCPIs modalidade C mixta e máis dos de modalidade A que se imparten en IES nos que non hai Ciclo Formativo-, estamos a falar de **máis de 2000 alumn@s afectados**; estaríase, pois, **condenando á exclusión** ao alumnado que se atopa en situación educativa e, sobre todo, social máis precaria.

rexeitamos o anteproxecto de lei do aborto

A Asemblea de Mulleres do STEG vese na obriga de reiterar publicamente o seu total desacordo coa proposta de regulación do aborto que o pasado 20 de Decembro de 2013 presentou o Ministro de Xustiza.

As razóns do rexeitamento a esta reforma e ás falaces argumentacións que para xustificala esgrime o Ministro son variadas, constatadas na realidade e, o máis importante, apoiadas por amplísimos sectores sociais.

Os dereitos das persoas non deben ser arrebatados por ningún goberno no poder, nin poden depender das arbitrarias crenzas persoais ou relixiosas de grupos ou persoas concretas, de maneira que a concepción do pecado cristián non pode lexitimarse nin traducirse como delito para o conxunto dunha sociedade plural, rexida por un estado democrático e aconfesional como é o caso do Estado español.

Os dereitos das mulleres á dignidade, á honra, á intimidade, ao libre desenvolvemento da liberdade e á integridade física son dereitos humanos que se manteñen durante toda a súa vida; non se pode atentar contra eles en ningún período e, menos, durante o embarazo.

Non se pode antepoñer, como fai o anteproxecto de reforma da lei, a protección xurídica do non nado aos dereitos fundamentais das persoas, neste caso das mulleres, en tanto que se considera legalmente que só a partir do nacemento alguén é titular de dereitos, como estableceu claramente a Sentenza 53/1985 do Tribunal Constitucional.

O dereito a decidir e controlar a propia fertilidade incumbe ao dereito de igualdade de homes e mulleres recollido na aceptada normativa internacional e nacional, como a Conferencia Mundial de Dereitos Humanos de 1993, a Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento (CIPD), a IV Conferencia Mundial sobre a Muller (Beijing, 1995) e a Convención sobre a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller de 1999. Negar este dereito é, pois, violar toda esa normativa internacional e nacional e atentar contra o dereito á igualdade entre homes e mulleres.

Impoñer a maternidade contra o desexo da muller mediante unha lei restritiva non evitará a interrupción do embarazo, senón que se converterá en causa dunha maior morbilidade-mortalidade, como a experiencia e as estatísticas teñen demostrado.

Esta reforma non responde a unha demanda social; en cambio xera un conflito de dereitos inexistente na actualidade e rompe o amplo consenso con que contou a actual lei, que ten ao seu favor unha moi maioritaria aceptación en amplísimos sectores da cidadanía.

As mulleres que nalgún momento deciden interromper un embarazo non son incultas, depravadas, nin seres antisociais, como desde certos sectores se postula, explícita ou implicitamente. Os datos do



Ministerio de Sanidade amosan ben ás claras o perfil variadísimo a nivel educativo, social, económico, etc. desas mulleres.

Dicir, como fai o Ministro, que a lexislación vixente atenta contra os discapacitados e apoiarse para iso na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas é faltar rotundamente á verdade. Non se pode confundir anomalía ou malformación con discapacidade, xa que esta última só é posible tralo nacemento, ao definirse como a longo prazo e ao interactuar co medio, segundo recolle a citada Convención. A actual lexislación recolle a interrupción do embarazo cando se detecten graves anomalías no feto ou cando se verifique nel unha enfermidade extremadamente grave e incurábel, incompatíbel coa vida.

Cando se detectan malformacións fetais ou graves anomalías, un embarazo non pode nin debe tornarse obrigatorio. Só cada muller, e ningunha outra persoa (sexa xuíza, médica ou política), ten a potestade ética de decidir a calidade de vida biolóxica, afectiva e saudábel que pode e quere dar á súa criatura, e é o Estado quen ten a obriga de garantir o cumprimento da súa elección, nun caso posibilitando a interrupción do embarazo á muller que precisa esa intervención cirúrxica nun medio sanitario seguro e axeitado, e, noutro caso, proporcionando as axudas asistenciais de coidado necesarias para a vida e correcta atención da criatura. Criminalizar a primeira opción e eliminar as axudas na segunda é hipocrisía política e desvergoña social, pero son, a fin de contas, as opcións reais que ofrece esta reforma presentada polo Ministro.

É incongruente e atenta contra a razón establecer a maioría de idade sanitaria aos 16 anos e considerar estas mesmas persoas menores de idade para decidir sobre a súa propia saúde sexual e reprodutiva. Debe saberse que, na actualidade, o 87% das mozas acoden á consulta acompañadas polas súas proxenitoras e, cando non o fan, xustifican con toda seguridade a imposibilidade de facelo por graves conflitos familiares.

O empobrecemento da poboación española, cebado nas persoas máis desfavorecidas, dificulta o acceso a medios anticonceptivos e á interrupción voluntaria do embarazo: mulleres inmigrantes e moitas mulleres sen recursos xa perderon o acceso á atención sanitaria.

Someterse a unha interrupción do embarazo (intervención cirúrxica) nunhas condicións inseguras, non reguladas sanitaria nin legalmente polo Estado, alén de custosas economicamente, propicia un alto risco para a saúde física, produce graves trastornos psíquicos a quen as sofre e xera unha desigualdade entre as mulleres en función da súa renda, ademais de colocalas a mercé da interpretación persoal e arbitraria do persoal sanitario que as atenda. A nova regulación empuxa ás mulleres a sufrir estas condicións e atenta contra a súa saúde física e mental.

Non é digno trivializar a decisión dunha interrupción de embarazo, e por conseguinte, a muller que decide esta opción debe ser considerada con todo o respecto social e o apoio estatal que merece unha persoa humana, responsable e consecuente consigo mesma e única que sabe o que sente neste proceso.

A defensa do dereito á vida convértese en burla á cidadanía cando a proclaman aqueles que fan dos conflitos bélicos un negocio; aqueles que asisten impasibles á matanza de persoas vivas en países en guerra; aqueles que permiten os desafiuzamentos ou vetan as medidas que poderían resolvelos, sen



teren en consideración o dereito das persoas a unha vivenda, sen importarlles a idade, circunstancias, estado de saúde ou situación de necesidade que poidan ter as persoas afectadas.

A violación é unha das circunstancias máis amargas e traumáticas que unha muller pode ter que afrontar. Facer a denuncia en determinadas circunstancias non é asunto fácil, pero menos aínda se, como pretende o Ministro, se impón o deber taxativo de denunciar para poder acceder legalmente a unha interrupción do embarazo. Semellante formulación é máis propia dos torturadores da inquisición que dun estado democrático construído coa vontade e os impostos das súas cidadás e cidadáns libres.

Non nos gustaría pasar por alto a tremenda crueldade misóxina e o desprezo persoal contra as mulleres que contén este anteproxecto de reforma ao establecer que a toda muller que, pasadas as 22 semanas, teña a necesidade de pór fin ao seu embarazo, non poderá practicárselle un aborto, senón que deberá dar a luz por parto inducido. Isto implica someter as mulleres a partos dolorosos e arriscados para a súa saúde física e psíquica, incrementando a situación traumática que para moitas supón, xa de seu, pasar por este proceso. Talvez se inspire a reforma na literalidade bíblica e pretenda castigar a todas as Evas con aquel “parirás con dor” con que foi reprimida a rebeldía da primeira muller...

Perante a teimuda persistencia deste goberno en arrebatarnos ás mulleres dereitos conseguidos, temos que dicir que nos negamos a que os nosos impostos sosteñan a quen nos agride institucionalmente e a quen nos nega a dignidade de persoas responsables, dignas de confianza, con capacidade de decisión sobre o que compete ás nosas existencia e respectuosas coa vida en xeral.

Señor Ministro: non somos escravas da Antigüidade, nin servas da súa gleba. O noso corpo non é un campo de cultivo de nenos para a Patria. Negámoslle a lexitimidade ética, e polo tanto política, para legislar contra a metade da poboación e non lle recoñecemos potestade ningunha para atacar e recortar os dereitos das mulleres que tanta loita e tanto sacrificio custou conquistar.

Dende a Asemblea de Mulleres do STEG defendemos a vida e queremos que sexa un valor na nosa sociedade. Pero non a vida en abstracto, senón as vidas concretas coas súa diversidade de expresións apostando por unha vida digna de nenas e nenos. Queremos que cheguen ao mundo sendo queridas/os e desexadas/os e non resultado dun erro ou dun accidente. O aumento das cifras de abortos revelan o fracaso e os límites da escasa educación afectiva e sexual que se está levando a cabo no noso país. Escasa, restrinxida en moitos IES e orientada en exclusiva á información biolóxica e anticonceptiva. Non está encamiñada a recoñecer a diversidade de expresións da sexualidade humana nen a fomentar na sexualidade os mesmos valores que consideramos esenciais noutros ámbitos das relacións interpersoais e sociais, como a igualdade, a autonomía, o respecto das nosas decisións o coidado de nos e dos demais.

razóns para manter a lei actualmente vixente

1 Porque respecta as mulleres: o recoñecemento dun prazo en que as mulleres poidan decidir libremente se queren seguir adiante ou non co seu embarazo é a única maneira de non lesionar a súa liberdade.

2 Porque non distingue entre pobres e ricas. Unha lei restritiva non diminúe o número de abortos, só provoca que as mulleres sen recursos económicos teñan que facelo en peores condicións, polo que á discriminación por razón de sexo únese a discriminación por condición social.

3 Porque funciona: en tres anos de vixencia non se produciron denuncias nin complicacións sanitarias de ningún tipo.

4 Porque é maioritaria en Europa: a lexislación de prazos é a máis establecida nos países da nosa contorna.

5 Porque a poboación está conforme: segundo a última enquisa da empresa Metroscopia, o 53% apoia unha lei de prazos.

6 Porque é unha lei eminentemente preventiva: a actual lei contempla a prevención e a educación afectiva e sexual de toda a poboación.

7 Porque a súa derogación suporía perder o que custou máis de trinta anos conseguir e, por iso mesmo, significaría un retroceso social de décadas.

22M. marchas da dignidade

[para termos unha existencia merecente de ser vivida]

Un mes despois do 22M e pouco máis de dous desde que o movemento chegou a Galiza e comezou a estenderse a idea de participar na mobilización estatal, quizá é un tempo adecuado para facermos memoria do que está sendo esta onda subversiva que reclama algo tan estrafalario como: pan, traballo e teito, para termos unha existencia merecente de ser vivida (Manifesto galego do 11/02).

O primeiro que se fai necesario é explicar como un movemento tan horizontal e pouco dirixido, tan intersectorial e abstracto, puido calar ben axiña na poboación. Os datos son contundentes: o blogue que abriu a Plataforma Galega pola Dignidade alcanzou nun mes as 120 publicacións e as 20.000 visitas; os dous trens especiais fretados para o 22M, con máis de 500 prazas, enchéronse nun

par de semanas, saíndo a maiores unha decena de autobuses e incontables desprazamentos particulares; a manifestación de Madrid estímase entre 1,5 e 2 millóns de persoas; a asemblea nacional da columna galega en Teo do 26/04 tivo representación de máis de 30 colectivos sociais e sindicais sobre un total de 300 participantes. Velaquí os grandes números, pero houbo tamén un sen fin de actos reivindicativos, festivos, de denuncia ou concienciación, etc., por toda a xeografía galega nos últimos meses. Para o vindeiro 21 de Xuño está prevista unha manifestación coa que se pretende rodear o Parlamento galego e xa para o Outono, nesta altura sen data fixa, unha grande Marcha da Dignidade sobre Compostela, como resposta masiva e antisistémica ás actuais políticas.

Pois ben, a explicación está -madría leva-nos seguintes feitos que fan da lamentable situación a nivel do estado español: 6 millóns de desempregados; 12,5 millóns de pobres con menos de 7.000 €/ano; os 20 españois máis ricos posuíndo unha fortuna igual á do 20% máis empobrecido; o interese público e os procesos democráticos secuestrados pola ambición ilimitada dunha minoría; a constante diminución e precarización de dereitos laborais, salarios, pensións, sanidade, ensino, asistencia social, xustiza, vivenda, transporte público...; o incremento da represión a todos os niveis, os desafuzamentos, a perda dos aforros bancarios, as políticas xenófobas e elitistas, as de destrución do medio natural ou da economía agraria e pesqueira...



Mais tamén puidemos observar como o movemento medraba e gañaba autoridade moral despois da negacionista resposta governamental ante a marcha do 22M en Madrid. Moita xente puido constatar o grao de corrupción, descomposición e deslexitimación do sistema político vixente ao comprobaren que a información desa xornada, totalmente controlada e adulterada, saía destilada a través da inmensa maioría de medios públicos e privados en forma de “violencia, alboroto, hostilidade e ensañamento dos manifestantes, intereses escuros...” Grandes titulares o 23 de Marzo para “os terroristas” do tren galego da Dignidade, “máis de 400 individuos organizados de Resistencia Galega”, dicía a delegada do Goberno en Madrid e reproducían até a saciedade os medios polas súas diversas canles; os medios galegos, iso si, con un día de atraso, despois de copiaren aos de Madrid. E por fin o 3 de Abril, ben agochadiño nas páxinas interiores dalgún xornal, sen luxo de detalles, laconicamente, en tres liñas podíamos ler: “O fiscal descarta grupos organizados detrás do 22M; así pois, non hai datos que permitan relacionar os disturbios con grupos de criminalidade organizada vencellados ao independentismo radical”. Como dicía G. Orwell, *nos tempos do engano universal, dicir a verdade é un acto revolucionario*.

Con todo, o movemento do 22M non se esgota no que vimos de dicir. Supón tamén un extraordinario “corremento de terras” a nivel organizativo e social no panorama galego e español. Hai que ter en conta que todos estes feitos que vimos de relatar tiveron lugar sen a participación das dúas grandes centrais sindicais, CC.OO. e UGT, as da concertación social e o pactismo, e sen as outras grandes centrais, as nacionalistas CIG, ELA e LAB. Non é casual que a morte do expresidente do goberno central, Adolfo Suárez, inmediatamente despois dos sucesos do 22M, fose aproveitada e espremida até a náusea como símbolo da cultura do consenso, da concordia e da xustificación da xestión política por parte das elites. Todo un pretendido antídoto contra as maiorías populares e a súa tentativa de ruptura democrática.

En definitiva, este movemento converxente protagonízao a sociedade e os seus colectivos cívicos, sociais, veciñais, feministas, ambientais, artísticos, etc. Porén, é de resaltar a forte presenza vertebradora do sindicalismo alternativo, no noso país, pero tamén en Asturias, Euskadi, Aragón, Cataluña, Valencia, Andalucía, Canarias ou Madrid. Como reclamou e reivindicou a compañeira do SLG, Isabel Vilalba, unha grande alianza en defensa do noso futuro como pobo e construíndo xustiza.



20 nova escola galega: relato entre asembleas

Nova Escola Galega vén de celebrar o pasado 22 de marzo a súa XXX Asemblea Anual. Aínda que desde fóra poida parecer outra cousa, o certo é que o simbolismo da celebración do XXX Aniversario recaeu na XXIX Asemblea celebrada na primavera do 2013, que é realmente o ano no que correspondía facelo. Pode ter interese referírmonos as dúas por canto que os debates que se suscitaron tiveron unha certa continuidade ao vertebrarse arredor das consecuencias da acción política da dereita, nomeadamente por causa da tramitación da LOMCE, coas consecuencias que, previsiblemente, se derivarán da súa aplicación.

En Nova Escola Galega as Asembleas adoitan centrarse nas actividades e nos asuntos económicos da asociación, se ben sempre xorden elementos para a reflexión conxunta e a formulación de alternativas, que, en ocasións, aparecen nucleadas arredor das resolucións que se someten á aprobación. Por tal motivo é practica habitual aproveitar a súa celebración para convocar xuntanzas de reflexión e debate sobre temas da actualidade educativa; deste xeito as xuntanzas convértense no espazo de debate de maior alcance, no que as intervencións adoitan transitar da macropolítica ás súas repercusións no traballo cotián nos centros escolares. É marca da casa - que se procura facer extensiva a outros debates e situacións - aproveitar estes espazos como unha oportunidade para formularmos dúbidas, interrogantes e matices de todo tipo, nun ambiente de confianza e respecto, sen falsos apriorismos ou prexuízos que impidan cuestionarmos ideas ou situacións.

Ademais da análise crítica sobre a acción política conservadora, tanto por parte do Goberno Central canto polo Goberno da Xunta, que afecta de maneira demoledora ao modelo de escola pública que vimos defendendo e ás posibilidades de desenvolver un labor normalizador en relación á nosa lingua e a nosa cultura, procúrase baixar ao noso propio campo de xogo e, desde unha análise autocrítica, valorar o grao de seguimento, de contestación e/ou de traballo alternativo que se vén mantendo diante do desafío constante que estas políticas supoñen ás ideas que defendemos. Neste sentido ambas asembleas e xuntanzas centraron unha parte da reflexión en analizar as nosas propias prácticas no conxunto de culturas profesionais coas que convivimos de maneira cotiá.

Na xuntanza do trinta aniversario analizamos o modelo de escola que vén asociado á contrarreforma educativa da LOMCE, algunhas de cuxas orientacións, por moito que o lamentemos, están instaladas na cultura profesional, na vida dos nosos centros e no imaxinario social. Entendemos que para procurarmos alternativas é importante facer un certo exercicio de autocrítica, mesmo cuestionando o papel que pode estar desenvolvendo a renovación pedagóxica nesta conxuntura.

Así e a partir dun relatorio introdutorio, A escola que vén e a escola que queremos: *U-la renovación pedagóxica?*, a dúas voces - as dos compañeiros Xosé Ramos e Carme Morán - fomos recoñecendo sinais inequívocos de estancamento e regresión educativa. As prácticas docentes e o uso dos tempos escolares amosan a pervivencia de metodoloxías escasamente anovadoras e o seguidismo dun esquema de ensino-aprendizaxe moi tradicional,



afastado das necesidades do alumnado, pouco motivador, e desconectado da súa realidade vital. Sen dúbida algunhas das medidas que impón á LOMCE, sinaladamente as reválidas e a anticipación da segregación na ESO, incidirán nunha maior desprofesionalización do profesorado, razóns todas elas que evidencian a necesidade de promover alternativas e recuperarmos a idea de promocionar boas prácticas co desexo da súa xeneralización.

Non é doado promover unha certa autocrítica, e moito menos no momento actual no que a dereita está entregada a un discurso deslexitimador e desprofesionalizador. Porén, entendemos que o problema do fracaso escolar, da falta de motivación do alumnado, da rutinización de tarefas e de pautas docentes, ou mesmo dos estreitos límites de desenvolvemento da participación en clave de comunidade educativa, esixen urxente atención desde o campo da renovación pedagóxica, evitando complicidades cun estado de cousas que reclama mudanzas profundas.

Precisamente o marco desa Asemblea de celebración do Aniversario levounos a recoñecer e reivindicar outros trazos para o futuro da nosa escola, sen renunciarmos ás nosas conviccións e actualizando aqueloutros aspectos que así o precisan. Aprobamos nese contexto dúas resolucións, unha delas poñendo en valor a nosa traxectoria como movemento de renovación pedagóxica e a outra expresando o noso posicionamento sobre a actual conxuntura lingüística. Pódense consultar en http://www.nova-escola.galega.org/almacen/documentos/RESOLUCIÓNS_XXIX_ASEMBLEA_NEG.pdf.

Mesmo o nomeamento de novos socios e socias de honra, que recaeu en persoas de recoñecida traxectoria e compromiso cos valores da escola pública e da galeguización do ensino - *Olga Araújo González, Agustín Fernández Paz, Flora Fondevila Vázquez, Xesús Portas Ferro, Maribel Santos Pérez* – valeunos para reivindicar a necesidade do compromiso individual e colectivo no quefacer profesional.

Xa neste ano 2014, a XXX Asemblea e a súa correspondente xuntanza retomou o traballo e os debates que ao longo do curso xorden a partir dos distintos fíos que se manteñen desde as actividades, as accións dos grupos de traballo ou as publicacións, nomeadamente desde a *Revista Galega de*

Educación. Neste caso o tempo da xuntanza de debate foi coordinado por tres grupos de traballo da asociación: Educadoras e educadores pola paz, Cambela-Ensino Obrigatorio- e Cavila-Materiais curriculares-.

Entendemos que, alén dos posicionamentos sempre necesarios, a inmediata aplicación da LOMCE esixe unha posta a punto en temas claves da renovación pedagóxica: participación, cooperación e convivencia, educación emocional, atención á diversidade, materiais curriculares... e outros moitos elementos que forman parte do noso traballo profesional, aos que non queremos renunciar como resultado do andazo desprofesionalizador que caracteriza as políticas educativas que vimos coñecendo.

Estes grupos presentaron a través de diferentes dinámicas – xogos cooperativos, un xogo de roles simulando os debates da profesión no ámbito dun claustro e un “monólogo” reinterpretando a semántica na que se sustenta á LOMCE – elementos da situación actual que nos afecta no día a día, dando pé a un amplo debate que sempre permite a reformulación de ideas e o coñecemento de prácticas valiosas. Neste contexto foi tamén presentada unha nova publicación de NEG, *Materiais Didácticos e experiencias educativas innovadoras*, coordinada polas profesoras Montse Castro e Helena Zapico e o profesor Xesús Rodríguez e publicada pola Editorial Toxosoutos, moi representativa do traballo alternativo na elaboración de recursos didácticos.

En definitiva, trinta e un anos despois, e mesmo acusando o afogamento que a situación actual imprime aos movementos asociativos, constatamos que Nova Escola Galega ten relato con vocación de futuro. A convivencia de persoas de distintas xeracións que traballan en distintos escenarios profesionais no ámbito educativo, mesmo desde fóra do sistema escolar, produce sinerxías de alcance. Seguimos camiñando na procura desa utopía da escola das pombas, constante na nosa arela pedagóxica.



22 as finanzas do steg:

honestidade, transparencia e independencia

Non é ningún secreto que existe unha campaña de desprestixio xeralizado contra as organizacións sindicais axitada periodicamente por certos sectores políticos e mediáticos que gostarían de que as traballadoras e traballadores, carecendo de sólidas ferramentas de autoorganización, fosen aínda máis vulnerábeis fronte ás ofensivas de recortes nos seus dereitos e de degradación nos seus salarios e condicións laborais. Diríase que estar afiliada/o a un sindicato ou desempeñar nel calquera responsabilidade, convértenos automaticamente en persoas sospeitosas de malversación de subvencións públicas, corrupción, privilexios...

Tampouco se pode negar que, de cando en cando, acusacións de mala xestión económica ou de comisión de fraude na xestión das subvencións públicas se formulan contra determinadas organizacións sindicais. Non é o caso do STEG.

A sociedade galega no seu conxunto e a propia afiliación ten todo o dereito a coñecer a procedencia e o destino dos cartos que xestionamos para a realización das nosas actividades e funcións sindicais. Esta é a razón de facermos pública esta nota, na que explicitamos o peso de cada unha das partidas no conxunto total do noso orzamento.

No corrente curso 2013-2014, o capítulo de ingresos explícase así:


- Os ingresos en concepto de “axudas ás centrais sindicais” por parte da Consellería de Traballo representan o **0,9%** do total do orzamento do STEG.
- Os ingresos por axudas procedentes da Confederación sindical á que pertencemos (STEs-i) representan o **3,3%** do total.
- Os ingresos por realizar actividades de formación, o que poida recabar a Secretaría da Muller e outros ingresos imprevistos (lotaría, venda de camisetas e similares...) alcanzarían un **4,8%**.
- Os ingresos por cotas da afiliación representan o **91%** do total.

No capítulo de gastos, pola súa vez, cómpre salientar que


- A nosa acción sindical (visitas a centros, participación en plataformas, campañas, publicacións, cartelaría, páxina web, etc.) leva o **19%** do gasto.
- A asesoría xurídica supón o **12%**.
- As xuntanzas orgánicas do STEG e os gastos relacionados coa pertenza e participación na Confederación de STEs-i implican o **14,2%**.
- Os labores e actividades da Secretaría da Muller absorben o **5,4%** do total de gasto.
- As actividades de formación e os imprevistos, o **4,2%**.
- Os gastos correntes de aluguer das nosas sedes, teléfono, infraestruturas e oficina supoñen o **44,5%** do total.
- Por último, dedicamos o **0,7%** dos nosos ingresos a proxectos de solidariedade.

Como se ve, unha alta porcentaxe dos gastos temos que adicala ao alugamento dos locais onde emprestamos asistencia á afiliación e traballan as persoas liberadas do sindicato (6 no presente curso, para toda Galiza). Outras OO.SS., por dereitos históricos adquiridos, non teñen que afrontar este gasto, xa que utilizan locais cedidos pola Administración.

ingresos



gastos



0,7%

o steg destinará o 0'7% do seu orzamento á fundación continuadora de “preescolar na casa”

Desde hai algúns anos, no STEG vimos dedicando o 0,7% do noso orzamento a proxectos de solidariedade. Esta é unha partida que mantemos a pesar da crise, pois entendémola como un deber ético e político para con aquelas persoas, pobos ou sectores sociais máis desprotexidos e para con aquelas entidades e organizacións que traballan desde a base na construción dunha sociedade mellor, máis culta e máis xusta, en calquera latitude.

O Secretariado Nacional do STEG, reunido en Antas de Ulla o pasado día 29 de marzo do ano corrente, aprobou por unanimidade unha proposta formulada pola Asemblea Provincial de Lugo, para dedicar á **Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy o 0,7% solidario** do orzamento sindical do pasado ano 2013. Entre as razóns que xustifican esta escolla, cabe citar as seguintes:

- A Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins primordiais defender e reivindicar a importancia do fogar familiar como primeiro e máis importante ambiente de aprendizaxe.
- Esta entidade amosa un firme compromiso coa lingua, a cultura, a contorna e o saber propios, entendéndoo como bens imprescindibles para o desenvolvemento da persoa.
- A Asociación, que aínda non ten dous anos de vida, nace co fin primordial de preservar e difundir o legado do desaparecido proxecto Preescolar na Casa, polo que pretende difundir unha cultura da infancia, das súas necesidades, potencialidades e dereitos e promover a creación de servizos de atención socio-educativa a nenas e nenos en contextos familiares de especial vulnerabilidade, buscando a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida familiar e laboral.
- A Asociación ten tamén o compromiso da mellora continuada e a competencia profesional, cooperando con outros profesionais, organizacións e institucións relacionadas coa educación e a infancia.
- A Asociación pretende, así mesmo, organizar e inventariar todo o material producido por Preescolar na Casa ao longo dos seus 35 anos de experiencia educativa, para facilitarllo a todas aquelas persoas interesadas en coñecelo e estudalo.
- A Asociación céntrase en deseñar e, na medida das súas posibilidades, executar programas de intervención educativa encamiñados a unha parentalidade positiva.

• A Asociación é de recente creación, aínda non declarada de utilidade pública, e con un escaso número de socios colaboradores e persoal voluntario; así pois, os medios persoais e económicos para realizar o seu labor son, de momento, moi escasos.

• O STEG mantivo ao longo do tempo unha traxectoria de permanente colaboración coa antiga fundación Preescolar na Casa, mentres existiu, publicando diversos comunicados de apoio ao seu labor e amosando toda a súa solidariedade e denuncia no momento en que o goberno de Núñez Feijóo decretou a súa desaparición.

Para coñecer e contactar directamente coa Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy, están ao dispor o **teléfono** 982-216001, o **e-mail** antoniogandoyeducacion@gmail.com, o **blog** <http://antoniogandoyeducacion.blogspot.com.es/> e, por último, o local aberto en **Garaballa de Arriba, 9, 27003 Lugo**.





olalla cociña

Nada en Viveiro en 1979, xornalista de profesión e filla de dous grandes profesionais do ensino e animadores culturais en terras do Cantábrico lugués, María Lozano e Ché Cociña, Olalla é unha das voces femininas máis relevantes da poesía galega actual, con títulos como *As cervicais da memoria, aquí (intemperies)*, *O libro de Alicia* e o recente *Ningún precipicio*. Todos eles supoñen, en conxunto, a revelación dunha voz libre, firme, delicada e intensa como poucas.

Cónstame que desde moi pequena e por benfadada “deformación familiar”, se me permites a expresión, a lectura foi un dos peares da túa educación e do teu lecer. Que libros lembras como influentes desa etapa e canto hai ou que substrato ficou na Olalla Cociña poeta desa voraz lectora infantil?

O primeiro libro do que teño memoria, e que aprendín de pe a pa, foi *O lobo lelo*, na adaptación de Xohana Torres. Era un conto rimado que me encantaba recitar aos maiores, supoño que algo diso quedou porque me segue encantando recitar en alto... Teño que lembrarme de títulos que me marcaron especialmente como *La recaraba*, *Manuscrito de segunda orixe*, *Otto é un rinoceronte*, os libros de Cristine Nostinger, Roald Dahl e Agustín Fernández Paz, as series *Elige tu propia aventura* e *El pequeño vampiro*, *Sherlock Holmes*, a revista *Don Miki*...

E que lembranza tes da escola, en xeral, nas primeiras etapas da túa vida?

Teño un recordo vibrante da escola, de mestres especiais, de amizades e xogos gravados a lume... O primeiro lugar da socialización, onde aprendín a compartir, onde se foi conformando a miña personalidade... Lembro escenas marabillosas, de descuberta, e tamén crueis, como a vida mesma.

Serdes a túa irmá Alba e ti nenas galegofalantes nun medio vilego moi castelanizado marcouvos e ti non deixaches de reflectir esa vivencia nalgúns textos. Como ves a situación do idioma?

Marcounos igual que a calquera nena á que lle falan galego na casa e ao saír dese refuxio se enfronta á realidade. O que podes é ser máis ou menos consciente, no meu caso fun moi consciente de situacións diglósicas que me aqueloutaban, ata que tomei unha decisión xunto as miñas amigas, falar en galego e namais.

A situación do idioma, en xeral, é mala, porque foron moitos anos de machaque, pero hai illas de esperanza, sensibilidades que se impoñen, pequenas accións persoais que se fan fortes cando se xuntan e quero crer no seu poder expansivo. E por máis que o intenten non imos perder os folgos nin deixar de repetir, como un mantra, o enerxético verso de Uxío Novoneyra: “A forza do noso amor non pode ser inútil”.

Nos teus anos do bacharelato en Viveiro tiveches profesores que deixaron unha pegada forte na túa formación. ¿Que actitudes ou que métodos de traballo evocarías deles que tan bo resultado tiveron contigo e que merecen ser tomados como exemplo por quen se dedique a iso de ensinar literatura e lingua?

Tiven a sorte de achegarme ao coñecemento da lingua tamén desde unha perspectiva sociolingüística, lembro que estudar co libro de Manuel Portas *Língua e sociedade na Galiza* nos abriu os ollos sensiblemente. Algún mestre animounos a autoexplorar a nosa situación nese contexto vilego castelanizado do que falabamos e a adoptar unha postura propia nesa realidade. Moita práctica: debates entre os compañeiros de aulas e tamén cos pais, apuntes da realidade. Para algunhas non foi doado, pero si moito máis construtivo que dar só teoría, gramática e sintáctica.

Canto á literatura, non coñezo mellor método que ensinala desde o amor a ela. Os profesores máis apaixonados son os que me abriron as páxinas dos libros que eu tamén adoraría. Tamén creo que son positivos os exercicios de creación, claro que isto esixe un traballo “extra” do profesor.

Foches, ademais, alumna da Facultade de Xornalismo en Compostela nos primeiros anos de historia dese centro. Que lembranzas gardas desa época? Como avalías as expectativas con que afrontaches eses estudos entón e as condicións de desempeño do oficio no presente?

Pois teño marabillosas lembranzas: non parábamnos de facer cousas, sobre todo fóra da facultade. Malia ter profesores “ilustres” -algúns dos que aprendemos moito e outros dos que nada-, e daquela aínda podíamos ter un “futuro” traballando do noso, o clima -sobre todo nos últimos anos-, era xa de desencanto coa profesión. Estudábamos para aprobar exames, sendo conscientes de que de pouco nos ía valer esa teoría á hora de desenvolver a profesión, e non nos equivocamos. As condicións do oficio hoxe son de precariedade total, nalgúns casos rozando a escravitude. O xornalismo non se dá resituado nesta crise nin dá saída da súa propia, que viña de antes.

Ao fío da pregunta anterior, ¿como ves o panorama dos *mass media* na Galiza actual e, máis particularmente, cal é a túa percepción sobre a viabilidade e eficacia comunicativa dos diversos proxectos que existen coa lingua galega como vehículo de expresión?

Claman por unha rexeneración a todos os niveis, lamentablemente os *mass* son os menos, quero dicir: algo comeza a moverse pero nos medios de comunicación máis pequeniños. Os medios en galego teñen un espazo tan compartimentado que é difícil xa non sacar rendemento económico, senón a propia supervivencia dos proxectos empresariais. Algúns volven tropezar na mesma pedra que fixo fracasar proxectos anteriores, cousa que non se entende. O da eficacia comunicativa é complexo, son moitos factores en acción, o que está claro é que hai sensibilidade social e volume de mercado abondo para medios que publiquen en galego, e tamén que son máis necesarios que nunca.

Durante un tempo, aló polo ano 2000, fixeches parte do consello de redacción da revista *Animal*, que animaron as Edicións Positivas de Paco Macías. Que lembranzas desa experiencia? Coidas que faltan no panorama publicacións con ese afán rompedor e “alternativo” que animou en boa medida aquela “revista cultural para tódalas especies”?

Foi unha experiencia valiosa e estimulante, o consello de redacción estaba conformado tamén por “animais de tódalas especies” e de todos eles aprendín moito (con algúns trabei amizade e seguimos a compartir “consello de redacción” dalgún xeito). Propoñíamos e debatíamos cada contido por pequeno que fose, aínda que ao final quen tiña a última palabra era o Macías, a quen é difícil levarlle a contraria, hehehe. Boto de menos publicacións máis híbridas e salvaxes, frescas e viscerais, cuns contidos -e sentido- literarios e xornalísticos menos constrinxidos.

E si, hai xornalistas e opinadores que levan toda a vida escribindo e opinando o mesmo e que xa aburren!

Cando a catástrofe do “Prestige” participaches no activismo cultural e xornalístico despregado arredor do movemento “Nunca Máis”. Que pouso che quedou desa experiencia?

Participei no xornal editado pola Plataforma Nunca Máis e que formaba parte dun berro necesario e urxente. Curiosamente a intensidade do cabreo e da dor axudaron a organizarse, a distribuír o traballo, a sermos pragmáticos.

Tamén ten o seu aquel na túa peripecia vital unha estadía en Finlandia. Cóntame a que fuches aló e que trouxeches na mochila de volta?

Fun cunha beca Erasmus a rematar o último ano da carreira, era o primeiro ano que alumnas de Xornalismo ían a este país, e o experimento non puido ser mellor. O choque cultural e vital foi potente, o seu sistema educativo pareceume do mellor. O primeiro que me deron foron unhas chaves para entrar na facultade as 24 h. do día, para poder acceder aos ordenadores. Todo o mundo parecía “civilizado” e disposto a axudar... Facíanche doado o estudo. A universidade e os profesores estaban ao servizo do estudante e non ao revés, como sucede aquí. Ademais, chamoume a atención que a xente nova tiña unha axuda estatal para independizarse, fomentábase a marcha da casa dos pais...

Un galardón no certame poético da Asociación Cultural “O Facho” no ano 2000 é o punto de arranque da túa traxectoria pública como poeta. En que medida che serviu como estímulo?

Xa no bacharelato mandara poemas a algún premio de poesía, para alguén novo recibir un premio é un bo estímulo para animalo a seguir escribindo, parece que se sente valorado no camiño que inicia. Máis adiante comprobamos que o dos premios, ás veces, é unha lotería. O Facho era un certame moi prestixioso



convocado por unha asociación cultural con moita historia e que gañaran poetas admirados por min, lémbrome con moita ilusión ao recibilo.

Curiosamente, antes mesmo de teres obra individual publicada xa se recollían textos teus en varios libros antolóxicos e escolmas, como *Poetas con Rosalía, Volverlles a palabra, Das sonoras cordas* ou *Letras novas*. ¿Era un recurso para ires sacando a produción do caixón ou pensas que, polo teu activismo poético na Compostela deses anos, xa se comezaba a ter constancia do teu valer nesa altura?

Nunca me “movín” moito para publicar, pero si me gustaba participar en recitais, non perderme presentacións de libros, enterarme das novas poéticas. Unha cousa leva á outra, e tamén canto máis participas máis te chaman para contar contigo.

En 2005, nunha entrevista para o diario *El Progreso* de Lugo co gallo da presentación en Viveiro do teu primeiro libro, indicabas, e cito literalmente, que “non me vexo adscrita a ningunha tendencia”. Xa te sentes máis “encadrada” no panorama poético galego? Con que outras autoras e autores sentes afinidade?

Pois sigo sen verme “encadrada”, non me gustan as etiquetas e os moldes xeracionais adoitan ser reducionistas... Afinidades teño moitas, e tamén dependen de cada momento de escrita. Máis aló de afinidades eu entendo a poesía como un feito ou unha fala da amizade, e neste sentido poido falar da poesía “compartida” con Dores Tembrás, Branca Novoneyra, Gonzalo Hermo, Olga Novo, Xiana Arias, Luz Pichel, Estevo Creus ou Jesús Castro, entre outros poetas.

Nese teu primeiro poemario, *As cervicais da memoria* (2004), premiado co Avelina Valladares e editado por Fervenza, con portada do artista gráfico tamén viveirense Xurxo Ínsua, aparece xa esa tendencia tan túa de condensar, por veces con fórmulas cáseque naïf, experiencias e vivencias moi profundas ou instantes moi reveladores do propio vivir.

A poesía é sempre unha revelación, a aparición dunha verdade que xa está implícita nas cousas, no mundo, desde o detalle máis insignificante ao acto máis afouto. A poesía que admiro xunta o grande co pequeno, vai e vén do cotián ao universal, supoño que eu intento facer o mesmo.

Ademais de levares premios pola túa obra poética, fixeches parte nalgunha ocasión do xurado que ditaminou o “Merlín” da editora Xerais e, cando menos unha vez, pois coincidiches entón comigo, do xurado do Blanco Amor de novela. Que opinión lle merecen os premios literarios a unha persoa que, coma ti, os coñece desde cando menos esas dúas perspectivas?

Como xa dixen antes, moitas veces os premios son unha lotería porque non dependen só da calidade literaria da obra, senón de quen estea no xurado, do seu gusto persoal, da súa capacidade para “convencer” aos outros, da súa aposta polo risco ou polos camiños xa trillados... Eu tiveren case sempre sorte, tanto de premiada como de xurado, pero é tan só a miña experiencia persoal. Creo que deben ser un bo estímulo se se acadan, pero nunca un obstáculo se non é así.

***aquí (intemperies)* foi editado en 2005 na colección “Poeta en Compostela”, do Grupo El Correo Gallego. No limiar, Anxos Sumai alude aos teus versos como unha “busca da beleza no máis cotián, no máis pequeno” e Marica Campo revela como presenza decisiva na túa voz poética a dos seres queridos da familia (a bisavoa Alicia, a avoa Elsa, os pais María e Ché, a irmá Alba)... Como avalías e sentes este libro agora?**

O libro naceu dun blog, *aquí*, que resultou un exercicio impresionante, un pouco a modo de caderno de anotacións ou de dietario literario con imaxes. Del naceu o libro, con textos xa máis traballados. Os blogs, e agora tamén outras plataformas, ofrecen un ilusionante feedback lector que a min me empuxou a escribir cada día, que me inspirou, e así foi medrando e conformándose o libro. E del naceron outros fillos, como o *Libro de Alicia*.

A cita que preside *aquí* (*intemperies*) é de Alejandra Pizarnik e dentro hai outras de Gamoneda e Vicente Huidobro. Que outras escritoras e escritores adoitan alimentar a túa dieta estética favorita?

Non daría feito para nomear a todos os que me veñen alimentando ata hoxe, pero podo falar da dieta actual, onde hai unha potente conexión con escritores leoneses que comezou con Gamoneda (Olvido García, Ildfonso García, Víctor M. Díez). Veño de descubrir a Pilar Martín Gila e Marcos Cantelli. A Wallace Stevens e a Linda Gregg. E adorei o libro “Cativa en su lugar/Casa pechada” de Luz Pichel.

[sigo sen verme “encadrada”, non me gustan as etiquetas e os moldes xeracionais adoitan ser reducionistas...]

No 2008 prémianche no Fiz Vergara Vilariño de Sarria *O libro de Alicia*, que presentaches co lema “Xardín de terra” e que, unha vez publicado por Fernán Vello na súa Espiral Maior, supuxo, penso, a túa definitiva revelación. O libro indaga na vida da túa bisavoa materna, Alicia, e xira en certo sentido arredor do proceso de construción da identidade como persoa e como muller. Que valoración fas hoxe do que supuxo este libro? A min, confésosche, tenme certo aquel, *mutatis mutandi*, coa *Memoria para Xoana de Marica Campo*...

Si, supoño que foi o libro onde “madurei” literariamente falando. Este libro é a biografía fabulada de Alicia na súa/miña aldea vivida e sentida, non costumista, fala dunha felicidade telúrica, solar, e o amor supremo entre unha nena e unha anciá. Tamén fala da violencia que supón a usurpación e o esgotamento dun mundo, os seus ritmos e traballos. E dese mundo tamén eu formei parte, e seguirá en min, por tanto intuío que estará presente na miña escrita futura.

Marica e máis eu somos amigas desde que eu era ben pequena, así que ao mellor algo da súa “memoria” tamén me é propia.

Cando che deron ese premio Fiz Vergara en 2008 declaraches nunha entrevista a un diario herculino que “non escribo moito, só cando me apetece”. Continúas mantendo esta “metodoloxía” espontaneísta ou xa entraches nunha era de maior planificación e premeditación á hora de escribiros?


Era un pouco punki esa declaración! O que quería expresar é que escribía cando tiña algo que contar, doutro xeito a escrita tornaría vacua... Agora o proceso é máis premeditado pero sempre parte dun “fulgor” no sentido que lle deu Valente, dunha idea que nace sen premeditación, aínda que si son consciente de que hai que crear un certo “clima” para facer fluír a escrita.


Na túa poesía, esencialmente íntima, está moi presente a idea da indagación: todo aparece envolto nun nimbo misterioso, como agardando pola revelación. E hai tamén moito de exploración da memoria, de revisitación das raíces da propia identidade. Estás conforme con que sexan estas algunhas das chaves da túa poética?

O poeta Nobel Tomas Tranströmer di que un poema é un soño realizado en vixilia, que soño e poesía teñen leis compartidas. Non podo estar máis de acordo. A poesía está feita do mesmo material que os soños, onde sempre hai algo de indagación na memoria e por onde axexamos a propia identidade, e todo isto, velado. O misterio. Sen poesía non hai misterio.

Cóntanos como naceu e en que consiste esa iniciativa que animas desde hai algún tempo en Compostela, xunto con Branca Novoneyra, que se denomina “Picaversos”.

Pois é un ciclo de lecturas poéticas onde convidamos a tres persoas a compartir poemas propios e favoritos arredor dun lema. Veñen do mundo da literatura, mais tamén da música ou do teatro. Naceu pola ansia de facer algo novo, autoxestionado, ocupando un espazo distinto diante dunha programación tristeira. Queríamos gozar e facer gozar da poesía en vivo fóra do eido





exclusivamente literario e ampliar o seu público, e penso que o fomos conseguindo. Este é o terceiro ano que o organizamos, coa colaboración do pub Modus Vivendi, onde se celebran a maioría das sesións, pero tamén da Universidade de Santiago, este ano fixemos algunha sesión en espazos cedidos pola USC.

Non hai moito compartiches recital, no ciclo “Poetas Di(n)versos”, co macedonio Nikola Madzirov. Que tal resultou a experiencia? Coñécese por aí fóra o que se está a facer en poesía aquí?

A experiencia foi xenial, Yolanda Castaño organiza dun xeito exquisito este ciclo onde convoca a un poeta da Galiza e outro de fóra en cada sesión, sempre buscando algunha coordenada común, algún fío invisible común aos dous poetas. Na Coruña hai un público moi estable que acude aos recitais. E por aí fóra lamentablemente sábese pouquiño da poesía galega, en contraste coa efervescencia e o talento que temos no país, que creo é moito. Por sorte temos algúns valedores como Antonio Gamoneda, que sempre di que a poesía galega é superior á que se escribe en castelán.

Cos poemas do teu último libro polo momento, *Ningún precipicio*, editado por Toxosoutos, fixeches unha especie de “happening” ou espectáculo músico-literario en colaboración co escritor leonés e intérprete de jazz Ildefonso Rodríguez (que é, por certo, quen prologa ese teu libro). Como xurdiu a idea e que tal resultou?

Teño a sorte de contar coa amizade de Ildefonso, que ademais de músico de jazz é un escritor impresionante e xeneroso, que me convidou a facer con el un dúo que estreamos na Semana de Poesía Salvaxe en Ferrol, el co seu saxo, híbridos e xoguetiños varios e eu cun pequeno acordeón. Xuntamos os nosos poemas baixo unha especie de carteis de cine mudo, temáticos, e fomos lendo e intercambiando textos del, en castelán, e meus, en galego, e logo traducíndonos un ao outro, ao tempo que tocábamos. Foi enriquecedor e pracenteiro, levámolo a León e a xente dicíame que entendía case todos os poemas en galego.

Seguiches os debates sobre a lei Wert? Que opinión che merece?

É unha lei que pretende desarmar a cidadanía, que despreza os estudantes e a función pública docente e por extensión a toda sociedade. Oír Wert prodúcese calafríos. Con razón foi definido como o Ministro da Anticultura: o seu obxectivo é facernos vivir no mundo que Orwell describiu en 1984, persoas mudas e robóticas.

E que pensas do proxecto de lei do ministro Gallardón sobre interrupción voluntaria do embarazo?

Que ninguén ten dereito a decidir sobre os nosos corpos. Que non podemos dar nin un paso atrás nos nosos dereitos, e que as garantías deben ser plenas en centros autorizados e controlados. Restrinxir só servirá para que os abortos se fagan en malas condicións e na ilegalidade.

E xa para finalizar, Olalla. Ata o de agora o que temos de ti é produción esencialmente poética, sexa en libro, sexa en recitais, sexa en revistas (*Grial*, *Dorna*..), sexa en blogs. Non che tentan os outros xéneros literarios?

Nos blogs Acordome.blogspot.com e Reveladora.blogspot.com, que aínda que non os actualizo seguen colgados en Internet, escribín dun xeito máis narrativo. Mais todo o que fago ten a súa base na poesía. Entendendo a poesía como un xénero que aspira a dicilo todo, de momento non preciso outro tipo de escrita.

unha cultura e unha lingua ás que cómpre acudirles

Este artigo, nunha revista voluntariosamente optimista (Gramsci) como é esta, que ve lume en plena celebración do 17 de Maio, talvez non debera aparecer, pois limitábase practicamente a facer memoria de crises, derrotas, fracasos, baleiros e fundidos en negro que se veñen producindo no panorama cultural galego dos últimos tempos. “*Un paso adiante e outro atrás, Galiza...*”, proclamou no seu intenso “Penélope” o poeta Díaz Castro, a quen celebramos con fachenda, mais agora os pasos atrás non son un, senón moitos, moitísimos, tan constantes como dolorosos. Ora, ben din que a primeira premisa para remediar un mal é recoñecelo como tal e que o primeiro requisito para que calquera medida que se propoña sexa eficaz é que parta dunha análise certa da realidade.

O ERE da empresa cerámica Sargadelos deixa no limbo a continuidade dunha das factorías culturais que máis forza simbólica teñen imprimido ao carácter diferencial e á difusión popular dunha cultura galega con personalidade de seu nos últimos decenios. Co cesamento desa cerámica parecen condenadas a esvaérense as Edicións do Castro, o Museo Carlos Maside, o reconstituído Seminario de Estudos Galegos...

O proceso de venda de NovaGaliciaBanco e a desaparición do Banco Pastor, engolido polo Popular, poñen en risco o patrocinio, vía fundacións, de moitas actividades culturais, premios literarios, coleccións poéticas, publicacións ensaísticas e proxectos de investigación. Enormemente preocupante é o destino final que pode agardar a un bo mangado de obras, cartas e outros documentos das figuras máis relevantes da arte e da cultura galegas atesourados por esas entidades.

O Museo do Pobo Galego procura neste 2014 conseguir 500 novas persoas socias, mais cando xa vai aló case medio ano da campaña non chegou aínda ao 20% desa cantidade indicada, imprescindible para garantir a continuidade dunha entidade que está próxima a cumprir o corenta aniversario do seu nacemento.

No panorama editorial, en contraste con albricias como a posta en marcha dos selos Rinoceronte (coa súa filial Morgante), Estaleiro e Hugín e Munín (coa súa filial “Vólvense os paxaros contra as escopetas”), entre outras, asistimos á debacle definitiva do selo A Nosa Terra, que liquida estes días os seus fondos, tan útiles e emblemáticos na construción dunha cultura galega normalizada; á queda no silencio de Espiral Maior, buque insignia da poesía galega durante varias décadas; á abatida retirada dese xigante da nosa cultura contemporánea e sabio do noso teatro que é Pancho Pillado do seu posto de capitán da nave editorial Laiovento; ao pechamento de Lóstrego, que labrou no campo editorial da Historia con afán divulgador; á crise financeira que pode levar por diante Sotelo Blanco, co que iso significaría de estiñamento de fontes importantes para o noso devir cultural e literario (a revista *A Trabe de Ouro*, a edición das novelas gañadoras do premio García Barros, etc.).

A contracción das editoras potentes (Xerais, Galaxia...) é moi evidente para calquera persoa atenta a este flanco. No período 2010-2013 diminuíu sensibelmente a edición total de libros en galego, reducíronse notoriamente as tiraxes medias e caíron moitísimo as vendas. Segundo datos do INE,

en 2008 houbo 2.070 títulos na nosa lingua; en 2013, só 739 (un ano antes, 2012, foran 1.322...). E a primacía do idioma propio no panorama editorial especificamente galego, que tanto esforzo levou conseguir, perdeuse novamente neste 2013: 42,38% dos títulos en galego fronte ao 52'06% en castelán e o 3,21% noutras linguas.

O investimento público en bibliotecas reduciuse desde os 5'5 millóns do ano 2008 ao 1'3 millóns de 2013. Nos últimos tempos pecharon 45 delas... Galiza, conta Manuel Bragado no seu blog, é hoxe antepenúltima comunidade autónoma no uso das bibliotecas, xa que apenas o 16,3 % da poboación declara acudir a elas con frecuencia.

A revista *Retranca* ficou xa en silencio (e non será porque falte canteira de debuxantes e talento de humoristas entre nós...) e a revista xuvenil *Oink*, con apenas cinco números editados, fixo mutis polo foro, a pesar de intentar resolver os seus problemas de financiamento cun crowdfunding que ficou moi lonxe dos obxectivos peseguidos: tratábase de recadar 32.000 euros e apenas se superaron os 8.000... Idéntico problema semella lastrar o despegue de “Avoaescola”, unha iniciativa que naceu como reacción ao infausto “decreto de plurilingüismo” mais que en todo este tempo non logrou coallar coa forza e intensidade que serían desexábeis.

No campo das publicacións periódicas, o *Dioivo* dixital axiña estiñou e secou. O *Sermos Galiza* non dá erguido voo fóra do reducido círculo de siareiros da súa marcadísima e ben pouco inclusiva liña editorial, tan sindical e partidariamente dependente no día a día. O *Galicia confidencial*, o *Tempos Novos* e o *Praza Pública* camiñan pola corda frouxa no plano económico, por máis que contén con crecentes comunidades de lectores/as e asinantes que atopan neles un espazo osixenado e incisivo de xornalismo

galego alternativo. Inda ben que a botadura do *Luzes* de Pereiro e Rivas e os primeiros compases da súa travesía nos quiosques semellan estar presididos polo entusiasmo receptor e pola frescura e calidade no produto ofrecido.

Fechan en Ourense a emblemática Livraria Torga e, na Coruña, as non menos queridas Couceiro e Nós, aínda que é certo que en Betanzos está a florecer a librería Biblos, vinculada ao clube de lectores homónimo, que tamén resiste, inda ben. No panorama teatral a situación é autenticamente trágica (descúlpese o xogo de palabras), cun desmantelamento de redes e grupos que por non deixar non deixa a salvo nin ao mesmísimo Centro Dramático Galego... E, guinda neste indixesto pastel que o presente nos forza a dixerir, bota o fecho o emblemático grupo musical “Berrogüeto”.

¿Que facer diante de semellante desfeita, provocada de consuno pola contracción forzosa dos nosos petos e pola indolencia cómplice da manifesta hostilidade de tanto mandamais *cosmopaleta* como padecemos? Xa gostaríamos de ter o remedio en cómodas fórmulas... Acreditamos, en todo caso, no compromiso persoal tanto como no esforzo comunitario para tentar mudar as tornas. Botemos contas na maltreita ou limitada economía familiar para achar ese tesouriño que poidamos investir periodicamente en cultura galega: nunha entrada, nunha subscripción, nun libro, nun disco, nunha cuota anual (sequera simbólica...) para algunha entidade que o mereza. Decidamos o tipo de agasallos que facemos téndomos presente beneficiar dun ou doutro xeito a industria cultural (e non só) con raigañas no país. Sexamos ramistas de eventos e contratadores de servizos contándonos con quen labra na lingua de noso amorosamente. Fagamos propaganda a diario, nas aulas, nos bares, entre as persoas coñecidas, no círculo familiar, de tantas cousas boas que sabemos existen feitas en galego e que a maior parte dos medios de comunicación disque nosos ignoran, minusvaloran ou simplemente ocultan. Acudámoslles á lingua e á cultura galegas neste instante histórico crítico, en tantos sentidos, pois, como deixou escrito Antón Villar Ponte hai agora case un século, son “camiño de ouro da nosa redención” e sen eles “nada significaremos endexamais na cultura universal”.

o día despois de terminator

Hai tempo que nalgúns grupos de defensa da lingua se empezou a chamar cariñosamente Terminator a Alberto Núñez Feijoo –pronúnciese Feixó–, único mandatario no mundo que vai contra a lingua propia do pobo que di representar mentres cumpre coa misa traxeadada das boas intencións. No que atinxe ao ensino, o seu trilingüismo é unha brillante farsa en exclusiva para as comunidades non monolingües gobernadas polo PP. De Santander a Cuenca o alumnado seguirá recibindo clase en castelán. Unicamente en castelán. Ai, o alumnado non: cada unha das alumnas e dos alumnos. Galicia Bilingüe, a malvada caricatura do PP, afirma que non existen territorios con lingua propia senón persoas con lingua propia. En España as persoas con lingua propia bateron un récord que debería figurar nos anais da Estatística. Ultimamente puxéronse todas de acordo, por pura casualidade, para falar o idioma que a Constitución denomina castellano o español. É o único que a Lei obriga a coñecer: outra casualidade da inexistencia dos territorios.

En fin, o caso é que coma no sistema chinés, capaz reducir á mesma fórmula o peor do capitalismo e o peor do socialismo real, o presidente da Xunta fundiu o gusto pola eutanasia (modelo don Manuel, expropiación lacrimóxena de bustos da galeguidade) coa obsesión de exterminio na que tamén militara Fraga antes do Photoshop. Pero iso xa o sabíamos cando Feijoo gañou as eleccións.

E gañou de novo.

Temperamentos de consolo fácil poden chorar no ombro da fraude democrática e imaxinar que cun goberno que se limitase a cumprir a Lei (iso da protección, respecto e promoción para a lingua), co simple exercicio do poder autonómico, o mal maior quedaría conxurado. No entanto nin a legalidade –a que marca os

lindes para o ensino– nin o seu antagonista de costume, a marcha patriótica polas rúas de Compostela (sempre Compostela), abundan para deter a enxurrada de falantes que se perden cada día, ao ritmo das necrolóxicas. A indignación vaise desinchando, ímonos desinchando coma a realidade se desincha dentro dos rituais. Dicimos isto se cadra un pouco abatidos tras o fracaso do crowdfunding de Oink!, a revista infantil e xuvenil. Lanzaron un SOS e ficou clara, como acontecera coa desaparición dos xornais galegofalantes en papel, a distancia que existe entre proclamar e actuar. Ás veces dá a impresión de que só o sector hosteleiro ten asegurados os beneficios da mobilización colectiva.

ProLingua foi se cadra un dos primeiros grupos en advertir, por vía ás veces indirecta, que o edificio da loita pola normalización debe ser redeseñado, tanto no modelo de antagonismo coma no modelo de promoción do idioma. Non falamos agora obviamente das manobras de Terminator, as de destrución e as de distracción, senón da hipótese na que conseguísamos a súa derrota disfrazada de ascenso á Corte.

A última vez que tivemos un goberno autónomo sen demasiadas servidumes con Madrid reveláronse os profundamente diversos niveis para abordar a restitución da lingua nacional. Sen diversificar a política lingüística adaptándoa a cada medio –sen planificación de persoas expertas na materia–, e pensamos sobre todo na educación, os efectos son os que se comprobaron na lexislatura do bipartito. Carecendo o galeguismo dunha tradición de poder mediático e da presenza social capaz de articular amplas maiorías, a estratexia fracasou de dúas maneiras: nin soubo ir nutrido o terreo simbólico (e non muda

ensinar e aprender a respectar

 aulas libres
31

este da noite para a mañá) prestixiando o galego nas áreas urbanas, as máis castigadas pola aculturación, nin soubo dotar o terzo galegofalante do país con ferramentas prácticas, desde a tecnoloxía ata a recepción da cultura masiva, que lle permitisen vivir con naturalidade no seu idioma. A batalla polo prestixio dáse en campos moi diferentes: un barrio ferrolán, un centro da Mariña. No primeiro a tarefa previa é un paciente labor de erradicación de prexuízos, no segundo, onde esa fase está ben máis avanzada, o galego debe sinxelamente realizarse.

Quén sabe se teremos a sorte de ver o día despois dos Terminator todos. O que parece claro é que proxectar a crise do idioma na pantalla do soberanismo, e non digamos se esa pantalla leva a marca de auga dun interese partidario concreto, descoñece o territorio que pisa, tan lonxe do país que soñamos, e corre o perigo de que as mareas da desgaleguización acaben ferindo de gravidade os dous proxectos. O idioma é apartidario e plural. As siglas van e veñen: articulemos unha maioría que perdure.

Os distintos profesionais que traballan na escola non poden esquecer que a súa misión é a formación das nenas/os. E esta non se pode lograr soamente coa utilización dos métodos explicativos usualmente considerados. Hai moitas capacidades que non se desenvolven dese xeito. A escola debe proporcionar o entorno controlado no que as nenas/os aprendan como enfrontarse a distintos problemas vitais e saír airosos dos mesmos. A diferenza do eido privado/familiar, no que hai moitos estímulos disruptivos e non existen profesionais formados especificamente para educar, a escola debe facilitar a didáctica coa diferenciación e encadre (porén, optimización) das diferentes aprendizaxes. Asemade, tamén debe recalcar a importancia de que o alumnado tome consciencia de que está aprendendo a medida que o está facendo, buscando sempre en último termo a competencia aprender a aprender implícita en todas as demais. Ou o que é o mesmo, aprendendo a autoxestionarse.

O máximo respecto debe gobernar este proceso tan sutil pero tan importante para a vida. Máximo

respecto coas alumnas e alumnos e máximo respecto co resto dos profesionais do centro.

Na aula, as mestras e mestres sabemos que emerxemos coma modelo a imitar e algo que cae de caixón é considerarmos que coidar o noso comportamento evitando comentarios sexistas, racistas, clasistas... e buscar empatizar deberán ser claves na nosa actuación educativa.

Do mesmo xeito, co resto de profesionais do entorno escolar non podemos esquecer a referencia xeral de sermos parte dun grupo que traballa formando o futuro social. Por iso mesmo, debemos transcender dos aspectos de afinidade/non afinidade e buscar a profesionalidade e bo facer laboral. A consideración de que un compañeiro é máis ou é menos está fora de lugar. Todas e todos aportan, todas e todos son válidos... sempre que partan dun grande respecto ao outro. Debemos non só valorar a diferenza senón tamén loitar por conseguila sabendo que, en último termo, cadaquén é único e iso constitúe a marabilla. Mais para confiar e aprender a traballar en equipo é precisa formación en intelixencia emocional e desenvolvemento dun sentido da responsabilidade orientado ao ben común.

Neste momento actual estamos a experimentar un grande cambio social e a escola debe adaptarse, seguilo e camiñar con el. Unha persoa educada na submisión e aceptación de normas e xerarquías buscará someter á outra ou outro cando teña ocasión no futuro. Un cidadán educado no respecto e aprecio ás súas cualidades intrínsecas, non cederá ante abusos de poder e loitará por vertebrar outro xeito de entender o mundo. Serán persoas que perseguirán un novo paradigma que busque a convivencia e o respecto polas diferenzas. Con consciencia e sen inxenuidade construíndo o novo mundo posible.



rosalía, sempre



É moi frecuente que os versos, pechados nas páxinas dos libros, non cheguen a moitos receptores. A difusión da obra de grandes autores e autoras débelle moito á música. O traballo de Amancio Prada sobre Rosalía constituíu un fito moi importante na popularización de algúns dos seus versos. Estabamos nos anos 70. Mais o berciano non foi o único que bebeu nesa fonte para as súas composicións. Dolores Plata, Uxía, Cristina Pato e Rosa Cedrón, Roi Casal, Maite Dono e outros artistas tamén o teñen feito. Recentemente debémolles ao poeta Anxo Angueira e ao pianista Abe Rábade, xunto con Guadi Galego, o traballo *Rosalía 21*, onde a cantante e o poeta entrelazan as súas voces para facernos chegar os versos de Rosalía interpretados desde o jazz. No pasado 2013, en que se celebrou o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, viron luz unha interesante variedade de propostas.

Xa en 2012, a rapeira viguesa Aid ofrecéranos nos seus *Rapoemas* seis temas de Rosalía a carón de composicións sobre textos de autores

como Curros, Cunqueiro ou Manuel Antonio. As composicións escollidas por Aid son as supercoñecidas *A xustiza pola man*, *Castellanos de Castilla*, *Cantarte hei Galicia*, *Adios ríos adios fontes*, *Unha vez tiven un cravo*, *Lugar máis fermoso*.

Narf editou na primavera do 2013 en Patito Editorial un disco-libro titulado *Nas tardes escuras*, ilustrado por Fausto Isorna. Este é un traballo centrado exclusivamente nos versos rosaliáns, con poemas tan significativos como *¡Follas novas!*, *Cabe das flores a nena*, *Bos amores*, *Amores cativos* e *Así semos*, nunca antes musicados. Narf achega a lírica rosaliá, por veces ao vigor, por veces á suavidade da súa música.

Rosalía pequeniña é un traballo asinado pola cantante Uxía que pretende levar os versos da escritora ao público infantil. Acompañada por músicos como Santiago Cribeiro ou Magín Blanco, Isaac Palacín ou Sergio Tannus (arranxista do disco), Uxía conta coa compañía doutras importantes voces femininas como a malvela señora Carmen, Guadi Galego ou Sés.

Outra destacada achega faina Najla Shami, galega palestina cunha formación musical multicultural. *Na lingua que eu falo* ofrécenos diversas composicións entre as que se atopan *Negra Sombra* ou *Camiño branco*.

Para pechar o ano do aniversario rosalián, o grupo aCadaCanto presentou un pequeno traballo cheo de sensibilidade, *A rosa d'Adina*, no que podemos destacar *Desde a Limia* e o magnífico *Este meu camiño*. Este é o segundo disco co que nos agasalla o cuarteto formado por Guillermo Fernández, Xosé Luís Romero, Guadi Galego e Xabier Díaz.

a galiza de kepa junkera



Cunha xa dilatada traxectoria ás súas costas, Kepa Junquera sorpréndenos cun traballo centrado na música galega. Desde hai máis de vinte anos o acordeonista vasco ten percorrido o noso país facéndonos sentir a súa persoal forma de entender o folk, tecendo relacións e fondas amizades. Cando non parece que vivamos os mellores tempos de autoestima colectiva, este traballo vén facer unha declaración incontestábel: a nosa música é un patrimonio e un valor universal. Así o ve Kepa Junquera e así llo quere facer ver ao mundo.

No *Galiza* participan dezanove formacións e artistas interpretando pezas tan populares como *O galo*, *Vén bailar Carmiña* ou *Unha noite na eira do trigo*. Entre os participantes atopamos grupos consagrados que forman parte da historia recente da música galega, como Leilía, Os Cempés ou Luar Na Lubre, mais o que destaca é que están presentes case todas as formacións que marcan o presente: Treixadura, Sondeseu, Radio Cos, aCentralFolque, O Fiadeiro e a Banda das Crechas. A carón delas temos artistas como Cristina Pato, Budiño, Uxía, Xabier Díaz, Susana Seivane e Davide Salvado.

sondeseu danzas brancas

Mostra da súa especial sensibilidade e a natural habelencia para incorporar aos músicos populares, Kepa conta tamén con Emilio e Daniel do Pando (garantes da pervivencia do birimbau da Fonsagrada, tamén chamado “arpa de boca” ou “trompa galega”) e con Manuel Pazos de Merexo, o muxián mestre octoxenario do acordeón diatónico. A participación destes músicos fai sentir a evidencia de que a música folk é unha auténtica e xenuína continuidade da música do pobo.

O traballo está organizado en dous CD's que presentan unha estrutura paralela. Ambos ábreanse coas colaboracións de dúas incontestábeis gaiteiras. Cristina Pato agasállanos cun *Alalá Transfigurado* que nos transporta a un mundo sonoro ancestral, mentres que Susana Seivane xungue a *Muiñeira Galega* coa *Trikitixa Martxa*.

No universo musical de Kepa Junkera as melodías e os ritmos galegos encaixan á perfección cos vascos e nel toma forma contemporánea unha longa historia de interinfluencias entre estes dous pobos. A idea xa cobrara unha primeira plasmación, hai dezaseis anos, cando os peliqueiros de Laza se metían no disco *Bilbao*, un traballo de homenaxe á urbe do acordeonista. En *Galiza* esta maridaxe musical vasco-galaica queda reflectida, ademais de nas pezas que interpreta o Kepa coa Seivane, na suite interpretada con Treixadura, formada por *O Merlo*, *Bizkaian Zehar*, *Lúa Clarea*, *Pagasarriko Martxea* e *Lévame*. A trikitixa, a txalaparta, a gaita, a percusión tradicional galega e as voces do orfeón compoñen unha vibrante e perfecta irmandade musical.



Sondeseu vén sendo a orquestra da E-Trad de Vigo, institución académica que conta cun equipo de profesorado de luxo e entre o que existe un bo entendemento que dá froitos como o traballo do que imos ocuparnos, o cuarto da súa traxectoria.

Integrada por máis de cincuenta persoas, a meirande parte delas mulleres, a orquestra folk nace de xeito natural das aulas da E-Trad. Na actualidade, o esquema das formacións tradicionais non ten capacidade para absorver a grande cantidade de intérpretes que estudan nelas. Sondeseu é unha experiencia novidosa, pero non illada. Precisamente a de Vigo é motor da rede de orquestras tradicionais de Europa, a ENF (European Network of Folk Orchestras), e foi anfitriño con grande éxito de público o verán de 2013 das súas homólogas, a finesa “Sibelius Academy FBB” e a italiana “Tradalp”.

Entre os mestres da E-Trad (Escola de Música Tradicional do Concello de Vigo) atopamos nomes tan sobranceiros como Rodrigo Romaní, Anxo Pintos, Xaquín Xesteira, Xosé Liz, Chisco, Alfonso Franco ou Begoña Riobó. A man dos catro primeiros é especialmente notoria en *Danzas Brancas*.

Rodrigo Romaní, que ademais de dirixir a E-Trad, é o director da orquestra Sondeseu, arranza (ou crea) a meirande parte das melodías que soan no disco (*Folerpas e danzas brancas*, *Rumbas de Marcial e de Barciademera*, *Xota de Cortellas*, *Pasodobre das anduriñas* e *Rosa desvairada*). A Anxo Pintos debémolles a composición da fermosa peza *Sil Lenzo*; a Xosé Liz, o arranxo de *Ínsua* e a Xaquín Xesteira o arranxo da *Muiñeira de Paula* e a composición da *Muiñeira do Rillachavos*, inspirada nun poema do tamén cambadés Ramón Cabanillas.

As danzas brancas procesionais están documentadas desde o século XIV e seguen vivas en moitos puntos de Galiza. O primeiro dos temas, que tamén serve para darlle título ao traballo, é interpretado por Romaní como trompa solista. O ex-compoñente de Milladoiro demostra día a día que é un piar da música galega actual. Forma parte das orixes do folk contemporáneo, como recolle o seu amigo Antón Seoane no libro *De Voces Ceíves a Milladoiro*. Romaní fai parte fundamental da historia do mítico grupo e segue a crear tanto en solitario (velaí o seu *As arpas de Breogán*), como colectivamente, poñendo o seu saber e o seu talento ao servizo de novos proxectos como Sondeseu, que implican a moitas persoas amantes da tradición, donas dun bo facer musical e que están por achegar aínda moitas cousas boas á música galega.

os libros de hugin e munin



Pasaia blues
Harkaitz Cano



Un home do pobo
Chinua Achebe

O castelo dos Cárpatos
Jules Verne



O das traducións é un segmento do noso mundo editorial que, por fortuna, foi pouquiño a pouco medrando e afianzándose nos últimos anos. O esforzo despregado para ir abrindo ese espazo por editoras xeneralistas como Galaxia e Xerais ou, en menor medida pero con igual lucidez, por Sotelo Blanco e Laiovento, deu paso hoxe, felizmente, á existencia de plataformas virtuais, editoras ou coleccións específicas enteiramente volcadas nesa tarefa e de andaina brillante, como Bivir, Faktoría K ou Rinoceronte Editora.

Na mesma liña, desde hai aproximadamente dous anos e medio veñen aparecendo puntualmente as novidades dunha editora galega, fundada polo lugués Alejandro Tobar Salazar e deseñada inicialmente nos aspectos gráficos por Karen Guldhammer Skov, que leva por nome “Hugin e Munin” (www.huginemunin.com), en explícita referencia aos dous corvos que, segundo a mitoloxía nórdica, personifican a memoria e o pensamento e servían de informantes do deus Odín.

A editora procura traballar con títulos e autores/as de literatura estranxeira de prestixio e véteos ao galego con sabedoría e pulcritude.

O seu catálogo, centrado na narrativa como xénero, chega por estas datas á vintena de títulos, que inclúen amósegas do *dirty realism* norteamericano, da novela colonial británica, do neorrealismo italiano, da novela psicolóxica, da ciencia ficción, do modernismo catalán, da vangarda francesa, da emerxente literatura africana ou da novela vasca máis actual.

Inaugurouse a listaxe de obras publicadas con *Servizo de Correos*, de Charles Bukowski e *O forasteiro misterioso*, de Mark Twain, para logo ir ofrecendo unha variada selección na que couberon outros autores estadounidenses como John Fante (*A irmandade da uva*), Morgan Robertson (*O afundimento do Titán*) e Henry James (*A besta na xungla*); os británicos Arthur C. Clarke (*Cita con Rama*), Aphra Behn (coa súa novela *Oroonoko*, escrita no século XVII), Mary Wollstonecraft (*María ou os males da muller*) e Edgar Wallace (*Angel Esquire*); o italiano Pier Paolo Passolini (*Unha vida violenta*); os franceses Paul Morand (*Venecias*), Raymond Roussel (*Locus Solus*), Jules Verne (*O castelo dos Cárpatos*) e Pierre Loti (*Pescador de Islandia*) ou, xa no ámbito peninsular, o catalán Raimon Casellas (*As valgadas bravas*) e o vasco Harkaitz

Cano (*Pasaia blues*). Cun aquel de benvinda novidade máis exótica entre nós figuran no catálogo obras do nixeriano Chinua Achebe (*Un home do pobo*), do sueco Torgny Lindgren (*Mel de abellón*), da escritora sarda Grazia Deledda (*Elias Portolu*) ou do grego Alexandros Papadiamandis (*A asasina*).

No elenco de tradutores, ademais do propio A. Tobar, figuran Xavier Senín, Marie Abaira, Isaac Xubín, Marta Dahlgren, Adrián Estévez, M^a Fe González, Isabel Soto, Benxamín Constante, Susana Losada, Margarita Olivar, Begoña R. Outeiro, Eduard Del Castillo ou Gonzalo Vázquez. As linguas desde as que se teñen feito traducións directas para a nosa son, polo de agora, sete: inglés, francés, italiano, catalán, euskera, sueco e grego.

A editora traballa a venda dos seus títulos en librería e mais na rede através do seu web, mais susténtase cunha base de subscritores que lle permite afrontar cun mínimo de garantías comerciais os custes de cada nova publicación. As persoas que acreditan no proxecto facéndose subscritoras pagan arredor de 10 euros mensuais e reciben nos seus fogares un total de oito títulos por ano, en envíos de periodicidade trimestral.

Na primavera de 2014 a editora Hugin e Munin vén de poñer en marcha un novo selo, co simpático nome de “Vólvense os paxaros contra as escopetas”, que se inaugura con seis entregas tan breves como atractivas e anticonvencionais, que transitan por variados camiños subxénéricos: desde a ciencia ficción ata o erotismo, pasando polo retrato da bohemia parisina, a crítica social aceda do noso hoxe e o xogo desmascarador das hipocrísias: *A lente de diamante*, do escritor decimonónico irlandés Fritz-James O'Brien; *Micromegas*, do ilustrado francés Voltaire; *A viaxe a Budapest*, do mozo vasco afincado en Andalucía Daniel Barredo; *A confesión de Lúcio*, do portugués Mario de Sá-Carneiro e *A industria do sexo e do peixe empanado*, do francés Emmanuel Pierrat.

un ensaio moi oportuno e clarificador


Da man de Estaleiro Editora (www.estaleiroeditora.org) e baixo licenza Creative Commons publicouse recentemente o volume *A batalla polas pensións (1981-2013)*, de Xabier Pérez Davila, que se presenta cun aclarador subtítulo, de fasquía cáseque novelesca: “De como a clase capitalista quere privatizar os bens comúns e de como as clases traballadoras se opoñen”.

O autor, actual presidente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra e sindicalista da CIG, naceu en Bueu en 1957, reside en Vigo e exerce a docencia nun instituto de Chapela. A súa é unha das sinaturas habituais sobre temas económicos no diario dixital *Sermos Galiza*.

A batalla polas pensións (1981-2013) está dividido en tres grandes bloques. O primeiro estuda os sistemas de protección social desde diversas perspectivas, ofrecendo unha visión global e mesmo comparativa sobre o seu devir histórico en diferentes latitudes e reximes políticos. O segundo bloque céntrase no tema das pensións propiamente dito e desmascara a ofensiva que contra elas e contra toda caste de “gastos sociais” en xeral despregan desde os anos 80 os xestores do sistema financeiro capitalista. E o terceiro somete a exame crítico algúns dos factores que alegan ou esquecen, segundo conveña, os detractores do chamado “estado de benestar” para querer desmontalo e destruílo...

O ensaio que escribiu Xabier Pérez Davila ten, ao noso humilde entender, algunhas grandes virtudes. A primeira delas é a limpeza e claridade expositivas, que conseguen facer próxima, amena e intelixíbel unha temática aparentemente só apta para “iniciados” ou “expertos” en temas e literaturas económicas. A segunda é a rotunda contundencia, verdadeiramente demoledora, con que desmonta unha tras outra, con paciencia beneditina e profusión de datos, exemplos e cifras, todas as falacias que o ultraliberalismo propala sobre os sistemas públicos de protección social e a súa presunta “insostibilidade” ou “carestía”. O libro resulta así xa non só oportuno, senón todo un agasallo para quen precise, neste instante histórico, dun contraargumentario serio, rigoroso e eficaz co que combater a prol dos dereitos sociais e laborais; en definitiva, democráticos.

penúltimas tendencias, de carlos negro



Ás veces é difícil acreditar en que a literatura sexa auténtica comunicación, xa que existe unha tendencia na poesía que a isola nun hermetismo estéril. A sociedade actual precisa voces que a interpreten, que boten luz sobre a vida que vivimos ou que nos fan vivir.

Carlos Negro (Lalín, 1970) é un autor que presenta unha traxectoria poética enormemente coherente, balizada por títulos como *As laranxas de Alí Babá* (1998), *Far-west* (2001), *Héleris* (2003), *Cultivos transxénicos* (2008), *Makinaria* (2009) e o dicionario satírico *Abelcebú* (2010). En toda ela existe un nidio afán por comunicar, unha preocupación polo que acontece da nosa sociedade e unha ollada lúcida sobre a mocidade. Podemos atopar na súa obra unha continuidade

coa poesía social de Curros, de Celso Emilio ou de Antón Reixa. Co de Celanova xoga á intertextualidade no poema *Barbie girl*, parafraseando *Longa noite de pedra* para crear unha alegoría sobre a prisión rosa na que se pretende secuestrar as rapazas.

Penúltimas tendencias é unha obra que reflexiona sobre a inmensa maquinaria de opresión que a sociedade capitalista-consumista actual utiliza contra as mulleres e, concretamente, contra as adolescentes. Esta obra ten o seu correlato en *Makinaria*, o poemario que ofrecía unha ollada lúcida sobre os valores e referentes que moven unha boa parte dos mozos galegos de hoxe.

Carlos Negro abre a obra con catro citas que son o pórtico axeitado para o contido de *Penúltimas tendencias*: “Nunca quixen ser diferente./ Só procuraba ser eu mesma” (Amy Winehouse); “En Europa,/ todas as nenas/ levamos un 36 que nos manca / (dalgunha maneira)” (Enma Pedreira); “Cando deixo de ser flor,/ molesto” (Yolanda Castaño); “A adolescencia / foi chorar / e a xuventude / romperse” (Lupe Gómez).

Unha vez que entramos no poemario, percorremos moitos dos lugares íntimos das rapazas e mozas: a relación co seu corpo cambiante, as imposicións estéticas e mentais, a “educación sentimental” das revistas para adolescentes, as vivencias físicas e emocionais do amor e a atracción, a afirmación dun código de relación no que a sexualidade feminina sexa tida en conta...

Non podemos deixar de poñer de relevo a enorme capacidade do autor de *Penúltimas tendencias* para empatizar coa xeografía emocional e social das rapazas actuais. Aínda máis queremos gabar o seu interese por escribir sobre e para un público bombardeado por produtos comerciais e alienantes, mais esquecido polos discursos construídos desde a cultura que se pretende escribir con letras maiúsculas.

a maxia das árbores

Proxecto realizado no CPI de Castroverde
Curso 2010-11 e 2012-13 en 2º de Primaria.

Un sinxelo estudo da evolución das masas boscosas nas aldeas de Castroverde nos últimos 60 ou 70 anos permítenos constatar a progresiva perda de biodiversidade.

árbores



1 Coa axuda dos nosos avós e avoas, pais, nais e veciños, recolleemos información sobre 12 árbores nos nosos cadernos de campo.

2 Tamén consultamos libros para aprender máis cousas sobre as árbores.

3 Aprendemos a distinguir as súas follas.

4 Con todo o que aprendemos, construímos un xogo. Nós mesmos inventamos as preguntas e acordamos as normas para xogar. Usamos materiais de refugallo e cascas de froitos para construír o xogo.

5 E tamén escribimos un libro que titulamos "A maxia das árbores".

Amosamos o noso traballo na Xuntanza de Axenda 21 "O alumnado é o protagonista" celebrada no CEIP de Xermade.



aprendemos que

- As follas, a tona e as flores de moitas árbores teñen propiedades medicinais.

- Cando os avós eran nenos empregaban a madeira das distintas árbores para fabricar distintos apeiros de labranza, ferramentas, calzado e mesmo xoguetes.

- Cando os avós eran nenos as follas das árbores usábanse para estrar as cuadas e facer abono para as hortas.

- As árbores son, ademais, a "casa" e o alimento de moitos animais.

- Hai árbores moi beneficiosas, como o ameneiro que axuda a descontaminar as augas e o solo.

- Pero hai outras, como a mimosa e o eucalipto, que son prexudiciais porque secan a terra e ademais non deixan que medren arredor delas outras plantas, son árbores invasoras.

algunhas conclusións

1 Cando os avós eran nenos había máis castiñeiros e máis carballos.

2 Moitos morreron a causa de enfermidades.

3 Cortaron moitos soutos e carballeiras para facer prados.

4 Agora a xente planta máis pinos e eucaliptos porque medran antes e dan máis diñeiro.

5 Marchou moita xente das aldeas e agora plantan pinos e eucaliptos nas terras que antes se cultivaban porque producen madeira para vender moi rápido.

Datos das sedes do STEG

SANTIAGO

r/ Avenida de Coimbra, 15. 15704 Santiago

Tfno/Fax 981580700

corunha@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h. Os venres de 10 a 14 h.

LUGO

r/ Conde, 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno/Fax 982240066

lugo@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h. Os venres de 10 a 14 h.

OURENSE

r/ Bedoia, nº 5-2º Dta., 32004 Ourense

Tfno/Fax 988252323

ourense@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h.

Os venres de 10 a 14 h.

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno. 986 85 75 45

pontevedra@stegsindicato.org

Horario de atención:

Mércores de 18:45 a 20 h.

Xoves de 17:15 a 19 h.

VIGO

r/ Doutor Cadaval 33 2ºC. 36202 Vigo

Tfno/Fax 986228658

vigo@stegsindicato.org

Horario de atención:

Xoves de 17 a 19 h.



súmate! 
www.stegsindicato.org •

